CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 29 DE XANEIRO DE 2026

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as dez horas e cincuenta e nove minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e seis, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.ª MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.ª MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.ª MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.ª MÓNICA VARELA GERMADE

Polo grupo municipal do PP:

D.ª PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.ª MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.ª PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.ª ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.ª MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.ª NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.ª MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora interina, D.ª Laura García Santiago (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa nesta acta), e dá fe do acto a secretaria xeral, D.ª Pilar María Pastor Novo.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de xaneiro de 2026, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico http://plenos.cambre.es (ID: Video_20260129095945000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 30 DE OUTUBRO DE 2025

***Acceso á videoacta* – 00:00:38 horas**

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2025, da que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a acta correspondente á sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2025, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2025.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN DERIVADA DA DECLARACIÓN DE NULIDADE DO ACTO ADMINISTRATIVO DA CONTRATACIÓN VERBAL DO SERVIZO DE TRACTO SUCESIVO E DE COMPETENCIA MUNICIPAL DENOMINADO *"ESCOLAS DE ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE E DE ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERÁN"*, PRESTADO POLA EMPRESA "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L."

***Acceso á videoacta* – 00:00:58 horas**

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 19 de xaneiro de 2026 (CVD: QDRVIY+jLSvejrp4cndK), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, na sesión ordinaria de data 22 de xaneiro de 2026, que transcrita di:

"PROPOSTA

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ASUNTO: Fixación do importe da liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado *ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO,* prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L
TEDEC 2025/X006/001022 - 2026/G006/000003

A.- Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 10.12.2025 (CVD: GEQphRhhIFSblFZJhQz3), na que constan os antecedentes que interesan ao presente expediente:

« 1.- Providencia de alcaldía de data 25.11.2025 (CVD: e8/bjqD9q+DvToqhTeSV) dirixida á Intervención municipal do seguinte tenor:

"Vista a resolución da Alcaldía núm. 761/2025 e de data 12 de agosto de 2025, ratificada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 2 de setembro de 2025, na que se resolveu:

"(…)
Primeiro.- Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; os artigos 213 e 214 do TRLFL e os artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Segundo.- Notificar, para os efectos oportunos, a presente resolución á empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

Terceiro.- Remitir un certificado da presente resolución ao Consello Consultivo de Galicia.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que teña lugar.
(…)".

Vista a resolución da alcaldía núm. 762/2025 e de data 12 de agosto de 2025, ratificada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do día 2 de setembro de 2025, na que se resolveu:

""(…)
Primeiro.- Declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCULTURALES prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. A contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCULTURALES prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. atópase incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; dos artigos 213 e 214 do TRLFL e dos artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Segundo.- Notificar, para os efectos oportunos, a presente resolución á empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

Terceiro.- Remitir un certificado da presente resolución ao Consello Consultivo de Galicia.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que teña lugar.
(…)".

SOLICITO
Que se proceda a incoar os expedientes oportunos para determinar a indemnización que proceda pagar á referida empresa como consecuencia dos servicios prestados a este Concello onde se declarou a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal. "

2.- Informe Liquidación Axiña da interventora municipal dona Laura García Santiago de data 03.12.2025, co asunto *"**Informe relativo ás premisas a ter en conta polo órgano xestor no procedemento de cálculo do importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.**"* (CVD: 26uUFxBm9v3ouoGLHjS/), e antecedentes referidos no mesmo, *emitido a efectos de poñer en coñecemento da concellería delegada da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico os aspectos a ter en conta para a determinación da cuantía que correspondería abonar a AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO*, do seguinte tenor literal:

" I) <u>ANTECEDENTES DE FEITO</u>

1º.- O 5 de febreiro de 2024 dítase resolución de alcadía número 114/2024 (CVD: qyBWTlVP3RkGpOK09lPQ) pola que se acorda incoar o expediente de revisión de oficio tendo en conta o argumentado pola interventora municipal nos seus informes en relación cos SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

2º.- Resolución da alcaldía núm. 439/2025 de data 09/05/2025 (CVD: C7GpPjY8Yg5iJfPuRXo4) pola que se declara a caducidade do procedemento de revisión de oficio expediente número 2024/G003/000044 iniciado por resolución de alcaldía número 114/2024 de 5 de febreiro de 2024 por ter transcurrido o prazo previsto no artigo 106.5 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e se incoa novo expediente de revisión de oficio do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

3.º- Ditame número CCG 237/2025 emitido o 31/07/2025 polo Consello Consultivo de Galicia e con entrada no rexistro xeral na mesma data (núm. de entrada 202590000002042) favorable á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

4.º- Resolución de alcaldía número núm. 761/2025 o día 12/08/2025 pola que se acorda declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. por atoparse incurso en causa de nulidade de pleno dereito de conformidade co disposto polo artigo 47.1.e) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas por terse ditado prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e dado o incumprimento dos artigos 28, 36, 37, 116, 117, 131, 132, 151, 154, DA3ª da LCSP; os artigos 213 e 214 do TRLFL e os artigos 7, 8, 10 do Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

5.º- Dación de conta ao Pleno da antedita resolución na sesión do día 28 de agosto de 2025.

6º.- Acordo da Xunta de Goberno Local de data dous de setembro de dous mil vinte e cinco polo que se ratifica a Resolución da Alcaldía núm. 761/2025, de 12 de agosto, de declarar a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

7º.- Providencia da alcaldía de 25.11.2025 (CVD: e8/bjqD9q+DvToqhTeSV) pola que se solicita "*Se proceda a incoar os expedientes oportunos para determinar a indemnización que proceda pagar á referida empresa como consecuencia dos servicios prestados a este Concello onde se declarou a nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal* .

8º.- Listado de facturas emitidas por AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. en concepto de ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO anteriores á declaración de nulidade do contrato, cós seguintes importes de datas de conformidade:

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Programa	Economica
F/2024/292	16/01/2024	2023-0603	30/12/2023	2.229,18 €	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO DICIEMBRE 2023	341	22799
F/2024/3581	14/10/2024	2024-0646	30/09/2024	3.016,58 €	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	SERVICIO ESCUELAS ACTIVIDAD FÍSICA,SALUD Y FISICO RECREATIVAS DE VERANO SEPTIEMBRE 2024	341	22799
F/2024/3706	05/11/2024	2024-0718	31/10/2024	4.197,44 €	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	SERVICIO DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FISICA Y SALUD Y FISICO RECREATIVAS DE VERANO OCTUBRE 2024	341	22799
F/2024/4262	11/12/2024	2024-0762	30/11/2024	3.673,56 €	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FISICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FISICORECREATIVAS DE VERANO, NOVIEMBRE 2024	341	22799
F/2025/271	13/01/2025	2024-0838	31/12/2024	2.622,07 €	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FISICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FISICO RECREATIVAS DE VERANO DICIEMBRE 2024	341	22799
F/2025/620	07/02/2025	2025-0041	31/01/2025	3.412,15 €	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FISICA Y SALUD Y ACTIVIVIDADES FISICO RECREATIVAS DE VERANO ENERO 2025	341	22799
F/2025/916	07/03/2025	2025-0068	28/02/2025	3.673,56 €	B15835721	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVO	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES	341	22799

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

						S, S.L.	FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO FEBRERO 2025		
F/2025/1274	07/04/2025	2025-0134	31/03/2025	3.016,58 €	B15835721	AXIŃA SERVICIOS DEPORTIVO S, S.L.	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO MARZO 2025	341	22799
F/2025/1492	06/05/2025	2025-0172	30/04/2025	3.147,82 €	B15835721	AXIŃA SERVICIOS DEPORTIVO S, S.L.	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO ABRIL 2025	341	22799
F/2025/1910	10/06/2025	2025-0222	31/05/2025	3.806,66 €	B15835721	AXIŃA SERVICIOS DEPORTIVO S, S.L.	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO MAYO 2025	341	22799
F/2025/2284	19/07/2025	2025-0263	30/06/2025	3.280,92 €	B15835721	AXIŃA SERVICIOS DEPORTIVO S, S.L.	SERVICIOS DE ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO JUNIO 2025	341	22799
			TOTAL DEPORTIVAS	**36.076,52 €**					

II) LEXISLACION APLICABLE

- Constitución de 1978.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (coas modificacións sucesivas). (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto refundido de disposicións vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir factura que corresponde aos empresarios e profesionais
- Real Decreto 424/2017, 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector publico local.
- Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia dos recoñecementos extraxudiciais de crédito aprobados polas entidades locais de Galicia exercicio 2018
- Bases de execución do orzamento

III) CUESTIÓN PREVIA

O 25.11.2025 aperturouse, en cumprimento da Providencia de alcaldía de 25.11.2025 (CVD: e8/bjqD9q+DvToqhTeSV) Expediente tedec número 2025/X006/001022 denominado *EXPEDIENTE LIQUIDACIÓN AXIÑA, S.L. COMO CONSECUENCIA DE LA DECLARACIÓN DE NULIDAD DEL CONTRATO VERBAL EN BASE AL CUAL SE EMITIERON LAS FACTURAS* CORRESPONDENTES, e tendo en conta que a funcionaria que subscribe foi nomeada interventora interina con toma de posesión o 26.11.2025, advírtese por escrito que non se dispuxo dun prazo minimamente razoable para a elaboración do presente informe, sendo emitido polo tanto coas debidas cautelas e sen prexuízo da súa ampliación, de ser precisa.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Por outra banda, o presente informe emítese aos efectos de poñer en coñecemento da concellería delegada da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico os aspectos a ter en conta para a determinación da cuantía que correspondería abonar a AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. en concepto de liquidación pola declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO.

IV) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Efectos da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

O artigo 42 da LCSP establece que:

> *"1. La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en **fase de liquidación**, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.*
> *2. La nulidad de los actos que no sean preparatorios solo afectará a estos y sus consecuencias.*
> *3. Si la declaración administrativa de nulidad de un contrato produjese un grave trastorno al servicio público, podrá disponerse en el mismo acuerdo la continuación de los efectos de aquel y bajo sus mismas cláusulas, hasta que se adopten las medidas urgentes para evitar el perjuicio.*
> *4. Los efectos establecidos en los apartados anteriores podrán ser acordados por la sentencia que ponga fin al recurso contencioso-administrativo interpuesto previa declaración de lesividad, de conformidad con lo previsto en el artículo 71 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-administrativa."*

En consecuencia ao abeiro do artigo antes transcrito, a declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO acordada mediante resolución da alcaldía núm. 761/2025 do día 12 de agosto de 2025, ratificada pola Xunta de Goberno Local mediante acordo de data dous de setembro de dous mil vinte e cinco, implica o inicio dunha fase de liquidación na que, ante a imposibilidade de restitución dadas as características da prestación, **procede a devolución do valor do servizo recibido**, esto é, do custo no que a mercantil AXIÑA S.L. incurriu polo servizo efectivamente prestado.

Por outra banda, se existise culpabilidade ben do concello ou ben da mercantil, procedería a indemnización dos danos e perxuicios sufridos á parte non culpable. É dicir, cando se declara a nulidade da contratación irregular, non se paga o "prezo" dun contrato inexistente senón que se procede á restitución de prestacións in natura e, na súa falta, o abono da cantidade equivalente, así como ao abono, no seu caso de concurrir a culpabilidade dalgunha das partes implicadas, da correspondente indemnización.

Así, a STS 6035/2024 do Tribunal Supremo. Sala de lo Contencioso Sección 3 de 12.12.2024 (Nº de Recurso: 6216/2021; Nº de Resolución: 1964/2024):

> *"(...)**QUINTO.- La respuesta de la Sala a la segunda cuestión de interés casacional.***
>
> *1.- El planteamiento de la recurrente no puede aceptarse desde el momento en que se fundamenta en la responsabilidad contractual de la Administración derivada de un contrato inválido, cuyas consecuencias son las previstas en el art. 35.1 TRLCSP:*

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

«La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido». Por tanto, la fase de liquidación es una consecuencia necesaria de la declaración de invalidez, y sus efectos se reducen, como ocurre con los contratos civiles (art. 1303 CC), a la recíproca restitución por las partes de lo que hubieran recibido en virtud del contrato y a la obligación del contratante culpable de indemnizar a la parte contraria por daños y perjuicios.

2.- Reclamar otras consecuencias derivadas de lo estipulado en el contrato ineficaz «supondría de facto mantener los efectos económicos del contrato administrativo en beneficio del adjudicatario al margen de la declaración de nulidad decretada»,en palabras de la STS 444/2022, de 8 de abril (RC 4111/2020).
Esta sentencia reitera la doctrina contenida en la precedente STS de 11 de enero de 2013 (RC 5082/2010) en el sentido de que «el efecto del incumplimiento de una obligación y el efecto de la nulidad de un contrato, del que, en su caso, pudiera nacer una obligación, no son equiparables. De lo contrario, se llegaría a la situación paradójica de que desde el punto de vista de las obligaciones nacidas del contrato la anulación de éste y su validez generarían iguales efectos [...]»,y concluye: «De todo lo anterior se desprende que, sin negar que además del daño deban indemnizarse los perjuicios, y que estos sean diferenciables de aquellos, esa identificación y prueba no puede consistir en la de los perjuicios derivados del incumplimiento de una obligación existente [...]»

Por outra banda, o citado artigo prevé que se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público se poida dispoñer, no mesmo acordo no que se declara a nulidade, a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, agora ben, únicamente se permite ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo.

No presente caso na resolución de declaración de nulidade **NON se acordou a continuación do servizo.** Non obstante, constan presentadas facturas con posterioridade á dita declaración de nulidade, co cal pode deducirse que o servizo seguíu prestándose sen contrato, polo cal ADVIRTO que NON se ten constancia nesta intervención de trámite posterior algún á declaración de nulidade a efectos de contratar o dito servizo.

SEGUNDA.- Para calcular o importe da liquidación a abonar á mercantil afectada pola declaración de nulidade dun contrato administrativa é preceptivo, como en toda fase contable de recoñecemento de obrigas con cargo a fondos públicos, acreditar documentalmente a efectiva realización da prestación .

Os actos administrativos xeradores de gasto público están suxeitos a unha dobre condicionalidad. A Administración ha de estar habilitada pola Lei para producir o acto, pero ao propio tempo a actuación administrativa só pode desenvolverse dentro dos medios financeiros poñer ao dispor do xestor pola Lei orzamentaria. Iso comporta a suxeición do procedemento a unha dobre legalidade: dunha parte, a que denominamos legalidade administrativa, necesaria para ditar o correspondente acto ou resolución administrativa polo órgano competente axustándose ao procedemento establecido a tales efectos; e doutra parte, a legalidade financeira, que implica a necesidade de que o acto administrativo que xere unha obrigación económica a cargo da Administración do Estado conte coa debida cobertura orzamentaria e produciuse dacordo con as normas que disciplinan a execución do gasto público**.**

Os aspectos ou facetas en que se desenvolve o principio de legalidade administrativa concrétanse en cada unha das normas sectoriais que especificamente regulan os distintos tipos de gastos, como pode ser, en materia de contratación pública, a vixente LCSP e as súas normas de desenvolvemento. Polo que respecta ao principio de legalidade financeira, son as previsións do TRLFL, do RD 500/1990 de 20 de abril e o RD 424/2017, entre outros, as que prevén que que o gasto debe de ser aprobado, comprometido e recoñecido ou liquidado dacordo có disposto no seu articulado.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

É na fase de recoñecemento da obriga onde concurre unha das especialidades máis importantes das obrigacións públicas, que a diferencian das privadas, e que deriva dunha das características singulares do crédito público, consecuencia da chamada "*regla do servizo feito*" prevista no artigo 198.1 da LCSP.

Así de conformidade có artigo 59.1 do RD 500/1990 de 27 de abril, previamente ao recoñecemento das obrigacións haberá de acreditarse documentalmente ante o Órgano competente a realización da prestación ou o dereito do acredor de conformidade cos acordos que no seu día autorizaron e comprometeron o gasto. Asemade, o artigo 18.2 do RD 424/2017 de 28 de abril polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector publico local exixe que deberá quedar documentalmente acreditado que se cumpren todos os requisitos necesarios para o recoñecemento da obrigación, entre os que se atopará, no seu caso, a acreditación da realización da prestación ou o dereito do acredor de conformidade cos acordos que autorizaron e comprometeron o gasto así como o resultado favorable da comprobación material do investimento.

Tendo en conta que o artigo 165.1 do TRLFL atribue ás bases de execución do orzamento a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aqueloutras necesarias para a súa acertada xestión, cabe transcribir neste punto a base 23ª das de execución do orzamento xeral do Concello Cambre:

> *"(…) As facturas deberán contar coa sinatura do alcalde ou, en caso de delegación, do concelleiro delegado da área correspondente que tivese autorizado ou disposto o gasto realizado, e que acredite a recepción de conformidade, así como a sinatura do técnico municipal ou persoal competente acreditando a correcta execución. No caso de que o importe da factura sexa superior a cinco mil euros (5.000,00 euros), a área deberá solicitar o seu informe. No caso de gastos de protocolo bastará que a factura conte coa conformidade do alcalde, ou concelleiro responsable en caso de delegación.(...)"*

As facturas relacionadas no antecedente 8º están asinadas polos sucesivos concelleiros delegados da área de Cultura e Deportes e polo coordinador de Actividades Culturais e Deportivas ou pola persoa que o sustituíu na súa ausencia nas citadas funcións.

Consta ao respecto Providencia do concelleiro delegado de Cultura, Deportes e Xoventude de data 6 de marzo de 2025 CVD: jEAVm9Q+zbASZliZE4TK pola que que "(…) durante a baixa por incapacidad laboral temporal do coordinador de "actividades culturais e educativas as funcións que viña desempeñando en materia de elaboración de pregos, revisión e asinado de facturas así como de elaboración dos informes precisos ou calquera outra necesaria para poder continuar coa tramitación ordinaria dos procedementos da área sexan realizadas polos dous animadores deportivos e polo animador xuvenil, nas súas materias respectivas e sempre que sexan adecuadas á súa clasificación e categoría, sen prexuízo da asignación do complemento de produtividade que proceda de acordo co artigo 66 indicado e co artigo 9 a) do Regulamento para a asignación do complemento de produtividade do persoal deste concello (…).

Non consta tal atribución de funcións na factura nº 2023/0603.

Por outra parte, as facturas posteriores á declaración de nulidade do contrato non son obxecto do presente informe, xa que previamente sería necesaria a aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como, no seu caso, o inicio dos trámites para a revisión de oficio do contrato verbal en base ao cal se está a prestar actualmente o servizo.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

TERCEIRA.- Non casos nos que non concurra a boa fe do empresario haberá que excluir o beneficio industrial do importe económico que corresponda a éste en concepto de liquidación polo contrato declarado nulo.

Ao abeiro do artigo 6.2 da LBRL "*Los Tribunales ejercen el control de legalidad de los acuerdos y actos de las entidades locales*" polo que non pode perderse de vista que a interpretación que do ordenamento xurídico acometan os xulgados e tribunais será a que haxa de prevalecer.

A sentenza de 12.11.2021 da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) maniféstase nos seguintes termos en relación á boa fé :

> *"(.../...)**B. 1. Sobre a concorrencia da boa fe.***
>
> *O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.*
>
> *Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administración poidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.*
>
> *En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ningunha dúbida.*
>
> *A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrencia de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrencia de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar. **Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite**.*
>
> *En consecuencia, non se pode apreciar a concorrencia da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (.../...)"*

De feito, o fundamento xurídico Terceiro da STS 4480/2023 de 17.10.2023 (Sala de lo Contencioso, Sección: 3) Nº de Recurso: 6316/2020, Nº de Resolución: 1275/2023 dispón o seguinte:

> *"(.../...) TERCERO.- La jurisprudencia de la Sala sobre la aplicación del principio de la prohibición del enriquecimiento injusto.*
>
> *1.- El principio del enriquecimiento injusto o sin causa, que en su inicio fue elaborado por la jurisprudencia en el orden civil, ha sido acogido y viene siendo aplicado por la jurisprudencia de esta Sala, al menos, según señalan las sentencias de 15 de abril de 2002 (recurso 10381/1997) y 11 de mayo de 2004 (recurso 3554/1999), desde los años sesenta, con ciertas matizaciones derivadas de las singularidades propias de la relación jurídicoadministrativa.*
>
> *2.- En la aplicación del principio de enriquecimiento injusto o sin causa, esta Sala viene exigiendo los mismos requisitos establecidos por la jurisprudencia civil, que sintetizan las dos sentencias antes reseñadas en la forma siguiente:*

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

"a) El enriquecimiento o aumento del patrimonio del enriquecido, constituido por cualquier ventaja o atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.
b) El empobrecimiento de quien reclama o de aquel en cuyo nombre se reclama, pecuaniariamente apreciable, aunque entendido en su más amplio sentido, siempre que no provenga directamente del comportamiento de quien lo sufre.
c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. O, dicho en otros términos que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.
d) La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento."

En relación con este último requisito, cabe añadir que consiste en la ausencia de una justa causa del enriquecimiento, entendiendo por justa causa de una atribución patrimonial, de acuerdo con la sentencia de la Sala Primera de este Tribunal de 13 de enero de 2015 (recurso 1147/2013), "aquella situación jurídica que autoriza, de conformidad con el ordenamiento jurídico, al beneficiario de la atribución para recibir ésta y conservarla, lo cual puede ocurrir porque existe un negocio jurídico válido y eficaz o porque existe una expresa disposición legal que autoriza aquella consecuencia".

*3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una **nueva exigencia**, a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), de singular importancia, **con el fin de evitar** que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un **fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa**.*

*Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el **desequilibrio** "ha de estar constituido por **prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo**, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración" (.../...)"*

Así, de conformidade coa Sentenza 182/2023 de 16 de febreiro de 2023 da sección primeira da Sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura (Nº de Recurso:361/2022, Nº de Resolución:78/2023)

***" (…) NOVENO.-** Asimismo, la doctrina jurisprudencial del Tribunal Supremo cuando ha analizado supuestos similares se inclina por el abono del beneficio industrial siempre que se comprueba que el contratista tuvo buena fe, como sucede en este caso.*

La sentencia del Tribunal Supremo de fecha 11-5-2004, Roj: STS 3209/2004, ECLI:ES:TS:2004:3209, Nº deRecurso: 3055/1999, Fecha de Resolución: 11/05/2004, expone lo siguiente:
(...)

***DÉCIMO.-** Sirva también como fundamentación, lo que recoge la sentencia del TSJ de Andalucía de fecha 27/10/2022, Roj: STSJ AND 13706/2022, ECLI:ES:TSJAND:2022:13706, Nº de Recurso: 1415/2019, Nº deResolución: 4403/2022, que expone lo siguiente sobre la cuestión del beneficio industrial:*

"(…)

No aparecen en los autos datos que permitan afirmar que existe mala fe en las empresas demandantes. En efecto, es un hecho notorio que la Administración, por razones de urgencia explicables muchas veces, dispone la ejecución de obras prescindiendo, en un primer momento, de ciertos requisitos formales o incluso de la contratación escrita conforme a la legislación. Sin embargo, la obra es recibida por la Administración que interviene en su ejecución dirigiéndola a veces o, pacíficamente, permitiendo su realización. Ordinariamente estas obras inciden en el dominio público, carreteras etc., de forma que resulta imposible que nadie las realice a espaldas de la Administración. No puede estimarse que exista ausencia de buena fe (artículo 7 Código Civil) en quien realiza la obra a la luz de todos y con el consentimiento tácito del poder público beneficiario de laobra."

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

De acuerdo con la jurisprudencia anterior, habida cuenta de que en este caso, la obra fue recepcionada, sin oposición por parte de la Administración, pues en los informes del Servicio de Conservación y Dominio PúblicoViario de la Dirección General de Infraestructuras y de la Delegación Territorial de Fomento, Vivienda, Turismoy Comercio en Jaén se reconoce el encargo de los trabajos y su ejecución, a pesar de que no se tramitara el expediente de gasto, debe concluirse que la empresa actuó amparada por la aquiescencia de la Administración,y que la falta de tramitación del citado expediente no puede ser obstáculo para el abono del importe de las obras y para la inclusión del beneficio industrial en orden a evitar un enriquecimiento injusto por parte de la Administración y a salvaguardar el principio de buena fe contractual".

(…)"

Asemade, a Sentenza número 333/2023 de 09.11.2023 del JUZGADO DE LO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife pone de manifiesto lo siguiente:

*"(.../...)**QUINTO.- Beneficio Industrial**.*

Igualmente se ha considerado en las últimas resoluciones y en base al ingente número de recursos basados en facturas impagadas procedentes de contratos ilegales, y con el fin de desincentivar tal práctica, el no reconocimiento del beneficio industrial, por lo que se considera adecuado proceder a tal deducción

(…)/(…)

Dice la STS 462/2013 de 11 de enero, recurso 5892/2012 "(…)/(…) Ahora bien, cuando el artículo 1106 CC regula la indemnización de perjuicios lo hace en relación con el incumplimiento de las obligaciones, regulado en el artículo 1101, y como se ha razonado antes, el efecto del incumplimiento de una obligación y el efecto de la nulidad de un contrato, del que, en su caso, pudiera nacer una obligación, no son equiparables. De lo contrario, se llegaría a la situación paradójica de que desde el punto de vista de las obligaciones nacidas del contrato la anulación de éste y su validez generarían iguales efectos, pues si la anulación del contrato y en consecuencia la de las obligaciones derivadas del mismo, produce en cuanto a estos el efecto de establecer como indemnización por su incumplimiento el deber de abono del lucro cesante que se hubiese obtenido del cumplimiento de la obligación, a la postre la parte perjudicada por la anulación del contrato percibiría de la contraria el mismo beneficio que si el contrato hubiese sido válido; y ello sin la carga sinalagmática que representa para ella el cumplimiento de las prestaciones del contrato. Sin negar que el artículo 65 cuestionado determine el deber legal de indemnizar, no solo daños, sino también perjuicios, lo que no cabe es que, para la identificación de éstos, con todo el problematismo que ello pueda acarrear, dichos perjuicios puedan establecerse acudiendo al régimen legal de algo diferente a la nulidad de la obligación, como es su incumplimiento.

La invalidez y la resolución del contrato son instituciones diferentes a las que no cabe duda que el legislador ha querido dar una regulación diferenciada. La invalidez del contrato supone que la obligación no ha llegado a nacer válidamente y la resolución del contrato supone privar de efectos a una obligación válidamente nacida al mundo del derecho.

De todo lo anterior se desprende que, sin negar que además del daño deban indemnizarse los perjuicios, y que estos sean diferenciables de aquellos, esa identificación y prueba no puede consistir en la de los perjuicios derivados del incumplimiento de una obligación existente, que es precisamente lo que se hace al considerar como tales perjuicios el lucro cesante ligado al incumplimiento de obligación."

En el mismo sentido STSJCL 636/2013 de 15 de abril recurso 796/2011.

Entiendo que en base a dicha doctrina, no cabe hablar de una culpa exclusiva y automática de la Administración, sino que dicha culpa habrá de fijarse en cada expediente de contratación y a la luz especialmente que la mayor o menor diligencia desarrollada por el contratista.

Como se ha expuesto la falta de diligencia del contratista se antoja concurrente en el presente caso, al no haber aportado por aquél ni un solo elemento de prueba vinculante para las partes acreditativo de la existencia de la contratación, incumplimiento con ello las reglas más básicas exigibles a un ordenado comerciante en su actuación en el tráfico jurídico, sea con relación a la Administración o con cualquier operador privado (…./….) "

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

A cuestión da inclusión ou non do beneficio industrial na liquidación dun contrato nulo tamén foi abordada polo Consello do Estado nos Ditames número 680/2019, do 26 de setembro e números 667/2019 e 679/2019, do 24 de outubro, do Consello de Estado, nos cales conclúe:

> *" (...) en virtud de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo 42 de la LCSP, no debe abonarse a la empresa contratista el precio de la prestación, sino su coste, que se calculará detrayendo del precio el beneficio industrial que aquella esperaba obtener, determinado en expediente contradictorio; y si no fuera posible determinar dicho beneficio la vista de la oferta presentada o de otra forma fehaciente, se considerará como tal el 3 por 100 del precio de los contratos, aplicando lo dispuesto en el artículo 313.3 de la LCSP para el supuesto de resolución por desistimiento de los contratos de servicios. Finalmente, el importe a que asciende el coste de la prestación habría de ser actualizado conforme al artículo 34.3 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, hasta que se ponga fin al procedimiento de revisión de oficio".*

Pois ben, a este respecto hase de sinalar que o art. 42.1 LCSP preceptúa «*La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido*».

No mesmo sentido expresábase o art. 35.1 TRLCSP, sobre cuxa aplicación a un caso semellante ao que nos ocupa pronunciouse o Consello Consultivo do Principado de Asturias no seu Ditame 276/2018, do 27 de decembro, ao sinalar:

> *"(...) Finalmente, en cuanto a los efectos de la declaración de nulidad, como ya hemos adelantado, ha de estarse a lo dispuesto en el artículo 35.1 del TRLCSP; regulación que constituye en la actualidad el cauce legal específico para garantizar los derechos de quien hubiera prestado servicios a la Administración en unas condiciones como las examinadas.*
>
> *El artículo citado prescribe que la "declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido".*
>
> *El Ayuntamiento concluye la procedencia del abono del importe total resultante de la suma de los reflejados en cada factura, al tiempo que excluye tanto la existencia de indemnización por daños y perjuicios como la detracción del beneficio industrial.*
>
> *Respecto a esta última cuestión, tal y como se menciona en los informes municipales, el Consejo Consultivo de Andalucía ha venido manifestando de forma reiterada (por todos, Dictamen Núm. 546/2015, de 22 de julio) que, "para que resulte procedente el abono del beneficio industrial, es necesario que concurran determinadas circunstancias que afectan tanto al concepto de interés público concurrente en el servicio objeto de la contratación, como en la actitud mantenida por la empresa con la que se celebró el contrato". En el supuesto resuelto en dicho dictamen se rechaza la procedencia de la inclusión del beneficio industrial con base en que "no cabe duda de que la empresa era conocedora de la ilegalidad de una contratación realizada al margen de todo procedimiento, ya que consta que esa misma mercantil es contratista habitual de la Administración consultante". En el mismo sentido, el Dictamen 552/2016 del Consejo de Estado admite también la exclusión del concepto de beneficio industrial en un supuesto de nulidad contractual.*
>
> *A nuestro juicio, la eventual improcedencia del abono exigiría un análisis completo de las circunstancias concurrentes que tampoco excluiría el de la conducta de la propia Administración, que, en cuanto sometida al principio de legalidad, está obligada a licitar los procedimientos de contratación que en cada caso procedan, lo que en el asunto sometido a nuestra consideración no sucedió. En este sentido, debe tenerse en cuenta que el Tribunal Supremo ha declarado con ocasión de supuestos en los que "se trata de obras realizadas fuera del contrato, pero con el conocimiento del contratista y de la Administración", que "el contratista tiene derecho al cobro del importe de las obras y también al beneficio industrial" (entre otras, Sentencia de 2 de julio de 2004 -ECLI:ES:TS:2004:4711- Sala de lo ContenciosoAdministrativo, Sección 4.ª, con cita de las Sentencias de 28 de octubre de 1997 y de 11 de mayo de 2004.) Sigue el mismo criterio la Sentencia de 11 de mayo de (...) I:ES:TS:2004:3209-, de la misma Sala y Sección, en la que también se destaca que "la formalización del contrato objeto de ampliación correspondía realizarla a la Administración y no al administrado", por lo que "es claro que*

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

"Ahora bien, estamos ante un supuesto de hecho donde se comprueba la continuada relación entre la empresa demandante y la Junta de Extremadura, la cual se desarrolló de manera habitual mediante los correos electrónicos realizados entre la empresa y los órganos administrativos de la Junta de Extremadura. La amplia prueba documental presentada por la parte demandante acredita que la sociedad recurrente y los órganos administrativos estuvieron en constante comunicación mediante la remisión de correos electrónicos sobre las vicisitudes de los servicios y también sobre el pago de los mismos.

Destacamos los correos electrónicos remitidos por la empresa al Subdirector de Tecnologías y Sistemas de Información del Servicio Extremeño de Salud y en su día responsable técnico del servicio. En dichos correos, la empresa pone de manifiesto que está pendiente del pago de los servicios e interesa que la Administración solucione dicho problema. Los mismos se remitieron al órgano técnico responsable, ponen de manifiesto la voluntad de reclamar por los servicios prestados por la empresa demandante, se realizaron dentro de una relación continuada entre la empresa y los órganos administrativos donde las comunicaciones por correo electrónico eran la forma habitual de comunicación y demuestran la buena fe existente por parte de la sociedad actora que en todo momento prestó el servicio con la aceptación de los órganos administrativos que no consta que mantuvieran una posición contraria al pago de los mismos o que remitieran de manera expresa a la parte actora a la presentación de una reclamación administrativa a través del registro administrativo".

Sinalándose máis adiante o seguinte:

"También tenemos en cuenta que se trata de un supuesto donde la parte actora prestó el servicio con el consentimiento evidente de la Administración al ser necesaria la continuación del servicio por tratarse de una prestación esencial en el desarrollo de sus competencias.

En modo alguno se aprecia que la parte demandante incurriera en mala fe o quisiera beneficiarse de la contratación

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

irregular, sino que prestó el servicio en atención a la petición y necesidades de la Administración..."

Así mesmo, a doutrina xurisprudencial del Tribunal Supremo cando analiza supostos similares inclínase por aboar o beneficio industrial sempre que se comprobe que o contratista tivo boa fe, como sucede neste caso.

Polo que, despois de reproducir a doutrina xurisprudencial que tamén reproduce a Interventora no seu informe chega a seguinte conclusión:

"Todas estas circunstancias valoradas conjuntamente hacen que sea preciso indemnizar a la parte demandante en las cantidades antes determinadas con inclusión del beneficio industrial.

É dicir, que na referida Sentenza, e nun suposto análogo ó que nos ocupa, chegase a conclusión de que debe incluírse o beneficio industrial.
No Ditame do Consejo Consultivo del Principado de Asturias núm. 276/2018, de27 de decembro (exp. 267/2018) tamén citado no informe de intervención, e tal e como se refire no contido reproducido do ditame no referido informe, despois de analizar a doutrina da procedencia ou non do abono do beneficio industrial nos casos de declaración de nulidade dunha determinada contratación, se indica, primeiro:

"A nuestro juicio, la eventual improcedencia del abono exigiría un análisis completo de las circunstancias concurrentes que tampoco excluiría el de la conducta de la propia Administración, que, en cuanto sometida al principio de legalidad, está obligada a licitar los procedimientos de contratación que en cada caso procedan, lo que en el asunto sometido a nuestra consideración no sucedió.."

Para concluír, en todo caso, o seguinte:

"No obstante, en el presente caso el planteamiento de la cuestión es puramente teórico, pues una vez expuestas las diversas posturas se advierte la dificultad de determinar en la facturación del suministro eléctrico un 'beneficio industrial' asimilable al 6% del presupuesto de ejecución material a que se refiere el RGLCAP" para el contrato de obras: conclusión que compartimos

Tampoco se observa en la contratación sometida a nuestra consideración una actitud de la empresa que justifique la exclusión sobre la que se diserta. En cambio, es evidente que se trataba de un servicio que era recibido con conocimiento y a satisfacción de la Administración. En suma, en el supuesto que nos ocupa no existen suficientes elementos de juicio que sustenten la detracción del beneficio industrial de la cantidad a abonar al contratista..."

É dicir, non solo conclúe, nun suposto análogo o que nos ocupa, coa non detracción do beneficio industrial, se non que, ademais, se pon de releve a dificultade de determinar o beneficio industrial nun 6% do presuposto de execución material ó que se refire o RGLCAP, e o mesmo ocorre coa prestación do servizo que aquí se está a liquidar.

No Ditame do Consejo Consultivo de Castilla y León núm. 282/2016, de 28 de xullo de 2016, igualmente citado no informe de intervención, as consideracións do ditame referidas a aplicación do limite derivado da boa fe reproducidas no informe de intervención e que se conteñen na consideración xurídica número 10 do ditame, refírense ós límites para enervar a revisión de oficio, recollidas no artigo 106, da antiga lei 30/1992, de 26 de novembro, RJAP y PAC; que en un paso anterior no caso que nos ocupa, onde xa se tramitou a referida revisión e declarou a nulidade do contrato administrativo.

Cuestión distinta son as circunstancias que teñen que apreciarse para determinar o mala fe do contratista ós exclusivos efectos de detraer o beneficio industrial, e que non concorren no caso que nos ocupa, aplicando a propia xurisprudencia e doutrina administrativa referida no informe dos servicios de intervención.

No Ditame do Consejo Consultivo de Andalucía núm. 40/2022, de 27 de xaneiro, tamén citado no informe da Interventora Municipal, aínda que recolle a doutrina destacada no referido informe, se conclúe o seguinte:

"En el supuesto sometido a consulta, es obvio que no procede detraer el beneficio industrial, pues no solo, según la Administración "el suministro de combustible al parque móvil es un elemento esencial para garantizar el normal

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

funcionamiento de la Consejería y cuya prestación es imprescindible cubrir de manera continuada y con sucesión el tiempo" sino que las interesadas no tuvieron responsabilidad alguna en la dilación que sufrió la tramitación del oportuno procedimiento de contratación, suficientemente ilustrado en el expediente, ajena a su participación en la licitación"

Circunstancias todas elas que son plenamente aplicables ó suposto que nos ocupa, e que levarían á mesma conclusión, pois o contratista non ten responsabilidade algunha na dilación da tramitación do oportuno procedemento de contratación.

Criterio este último do Ditame do Consejo Consultivo de Andalucía que ten sido confirmado pola recente sentencia ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo 3 de A Coruña núm. 135/24, de 13 de xaneiro, no que este Concello foi demandado por una empresa subministradora de combustible os vehículos municipais, a petición do Concello de Cambre, na que se condena ó pago do importe das facturas reclamadas, con base a seguinte conclusión:

"En tal sentido, procede reconocer a la parte actora el derecho al abono de lo reclamado, toda vez que de la documentación aportada se desprende que ha actuado de buena fe, mediante el encargo del Concello de Cambre, para suministrar combustible a vehículos municipales."

Tamén recoñece a sentencia do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña en sentenza nº 00105/2024 de data 28 de maio de 2024 pola que se condena ao Concello de Cambre ao pago íntegro da factura polo subministro de urxencia duns proxectores para o campo de fútbol Dani Mallo de Cambre, sinalando:

''(...)debiendo reconocerse a la actora el derecho al abono del principal de la cantidad reclamada, no así de los intereses y demás conceptos, y la simétrica condena por dicha cantidad a la administración demandada, Concello de Cambre, sin costas"

En todo caso, consideramos que, se o Concello imputa mala fe ao contratista, neste caso à mercantil AXIÑA, S.L, deberá achegar proba suficiente deste elemento subxectivo do seu comportamento, isto é, feitos ou comportamentos que acrediten a existencia dunha maquinación dolosa para manterse na contrata á marxe da vontade da Administración local e en prexuízo do interese público.

Por todo o exposto, consideramos que nin concorren os elementos da mala fe, nin o concello asumiu a carga probatoria da súa existencia, sendo así que a mala fe non pode presumirse, so pena de crear unilateralmente un prexuízo para o contratista que este non ten a obriga de soportar.

En definitiva, non se pode basear a suposta mala fe do contratista exclusivamente na consideración de que **AXIÑA S.L** é unha empresa de "*certa entidade"* e participa noutras licitacións públicas, cando se se consultan os datos publicados en rexistros oficiais, ten a consideración de "micro empresa" segundo a categorización que fai a UE.

En base a todo o exposto, **PROPOÑEMOS A SEGUINTE EMENDA AO PUNTO PRIMEIRO E SEGUNDO DA PROPOSTA QUE SE TRAE A PLENO PARA RECTIFICARSE E SE APROBE DA SEGUINTE MANEIRA**:

1-. Non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial das facturas correspondentes a AXIÑA S.L. e fixar como importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FISICO RECREATIVAS DE VERANO, prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. co NIF B15835721 en 33.847,34 euros en base ao detalle que se adxunta na proposta do goberno

2-. Aprobar por importe de 33.847,34 euros a liquidación correspondente á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FISICO RECREATIVAS DE VERANO, prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. co NIF B15835721

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3-. Autorizar e dispor do gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar a obriga por importe de 33.847,34 euros correspondente á liquidación á que se refire o apartado Segundo deste acordo.

4-. Notificar, para os efectos oportunos, o acordo do pleno á empresa AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS S.L.»

A continuación, a Sra. presidenta manifesta que, antes de pasar á quenda de intervencións, e debido á importancia e relevancia deste asunto, considera necesaria a intervención das habilitadas, e concede o uso da palabra á interventora interina, Sra. García Santiago, quen di que, brevemente, remítese ao que dixo no informe da liquidación, no informe das alegacións; que simplemente, explicar o termo de que non concorre a boa fe neste caso, polo tema de que ao final dende a Intervención non se pode interpretar que é unha empresa que non coñece a Lei de contratos do sector público, que non coñece como se licita.

Di que se consultan a Plataforma de Contratos do Sector Público ten máis de 40 adxudicados, polo que dificilmente, e remítese ao que dixo no informe da liquidación, poden considerar que a empresa non contrata legalmente, polo que se lle detrae o beneficio industrial, como din numerosas sentenzas que dixo a concelleira, entre outras do Tribunal Supremo, o Consello de Estado, o Consello Consultivo, porque non se pode tratar un contrato ilegal como un contrato legal, porque ao final o beneficio industrial baséase no enriquecimento da empresa a raíz dos traballos que presta ao concello.

Conclúe dicindo que, entón, se lle pagan o beneficio industrial, o que están interpretando é que se salten a legalidade e os principios da Lei de contratos, o principio de libre concorrencia, o principio de igualdade, que son aqueles principios que si que cumpren as empresas que contratan coa Administración; que simplemente por iso se detrae o beneficio industrial, polo que se entende por parte da Intervención e da Secretaría.

Seguidamente a Sra. presidenta concede o uso da palabra á secretaria xeral, quen lle di á voceira de UxC que, en primeiro lugar, simplemente por unha cuestión de forma, que na emenda de UxC dise que en base a todo o exposto propoñen a emenda ao punto primeiro e segundo, e que, non obstante, tamén se modifica o terceiro e cuarto, e pregunta se é certo, ao que a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, contesta que é certo, que foi un erro.

A Sra. secretaria xeral tamén pregunta se o cadro ao que se refiren é o que aparece na proposta, ao que a Sra. Pan Lesta responde que si.

A continuación, a Sra. secretaria xeral dá conta da nota informativa de Secretaría 5/2026, asinada pola secretaria xeral, co conforme da interventora interina, o 29 de xaneiro de 2026 (CVD: 0FPOOFmJoo19Gh6unxs1), nota que transcrita di:

«**NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 5/2026**

Expedientes 2026/G006/000003 e 2026/G006/000004 (nos que figura relaccionado o 2025/X006/001022)

En relación ás enmendas presentadas polo grupo municipal Unión X Cambre, aos difames das Comisións Informativas relativos ás liquidacións derivadas da decalración de nulidade do acto adminsitrativo da contratación verbal dos servizos de tracto sucesivo e de competencia municipal denominados ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO , e servizo de ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, prestados pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L., por esta secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo áabil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto debido a que as enmendas presentaronse ás 11:30 horas do día de onte e a sesión plenaria na que se debatirán as propostas e enmendas está convocada para o día de hoxe ás once horas), ao que se engade a escasez de persoal no servizo, a ausencia dunha técnica de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos , e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaria, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risgo que a síntese entrana. É por iso polo que as consideracions que se faran poderan ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas, de ser preciso .
Sentado o anterior, e en relación á enmendas presentadas , coas limitacións derivadas do sinalado fanse as seguintes consideracións;

Como antecedente a efectos do que logo se dirá cómpre sinalar que as declaracións de nulidade de pleno dereito das contratacións verbais dos servizos citados acordáronse - previos os difames favorables, preceptivos e vinculantes do Consello Consultivo de Galicia- por Resolucións da Alcaldía de datas 12 de agosto de 2025, ratificadas por acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 2 de setembro de 2025.

En canto aos efectos da declaración de nulidade de pleno dereito, debe estarse ao disposto no artigo 42 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público(LCSP), precepto legal que prescribe que:

" La declaración de nulidad de los actos preparatorios del contrato o de la adjudicación, cuando sea firme, llevará en todo caso consigo la del mismo contrato, que entrará en fase de liquidación, debiendo restituirse las partes recíprocamente las cosas que hubiesen recibido en virtud del mismo, y si esto no fuese posible se devolverá su valor. La parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido"

A liquidación dos contratos debe practicarse unha vez a declaración de nulidade adquira firmeza, e o valor das prestacións debe calcularse precisamente no momento inicial no que se produciron os pactos, pois debe terse presente que, polo carácter orixinario, estrutural e insubsanable da nulidade, a propia natureza da acción restitutoria determina que o momento do dito cálculo debe ser o do pacto. Xunto co anterior, a restitución só debe comprender o valor da prestación realizada, o que inclúe os seus custos efectivos, pero sen que quepan os demais resarcimentos propios dun contrato eficaz, polo que a obriga de devolver non deriva, neste caso, do contrato, senón da regra establecida no artigo 42 da LCSP, o cal determina a extensión da restitución unicamente ao valor da prestación, incluindo, por conseguine, todos os custos (e tan só os mesmos) soportados por quen a efectuou.

Con independencia do pago do valor da prestación realizada, cualquera outra partida (como o beneficio industrial) habría de ampararse, no seu caso, no inciso final do artigo 42 , conforme ao cal, "*la parte que resulte culpable deberá indemnizar a la contraria de los daños y perjuicios que haya sufrido.".*

Polo tanto, as consecuencias da declaración de nulidade do contrato son:

a) O contrato entra en fase de liquidación e , como consecuencia disto, as partes deben restituirse recíprocamente as cousas que recibiran en virtude deste.
b) Cando non sexa posible devolver as prestacións, as partes deben devolverse o valor.
c) Se se producen danos entre as partes, a culpable debe indemnizalos.

A doutrina maioritaria dos Consellos Consultivos ven establecendo que considera axeitado a non detracción do beneficio industrial sempre que non se aprecie culpa das partes.

Pola contra, considera que débese descontar o beneficio industrial cando se aprecia a concorrencia de culpas dos contratantes, e vai acompañada da presunción de que resulta altamente improbable que quen contrata coa Administración descoñeza, por mínima que sexa a súa dilixencia, que non pode producirse unha contratación prescindido de todo procedemento.

Xunto as anteriores consideracións se veñen engadindo outras, enlazando incluso a conclusión cos principios que rexen a contratación pública, para dotala da maior solidez, que abundan na necesidade de avaliar o grao de

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

coñecemento da empresa da súa situación irregular, non permitindo que se beneficie diso, detraendo nese caso o beneficio industrial para acabar con estas conductas contrarias ao ordenamento xurídico.

A Comisión Xurídica Asesora da Generalitat de Cataluña no dictame 189/2023 , de 8 de xuño de 2023, e facéndose eco da doutrina doutros órganos consultivos sinalou que *"[…] habitualmente se admite la inclusión del beneficio industrial en el caso de inexistencia de culpa (dolo o negligencia) o bien de mala fe del contratista. En otras palabras, desde un punto de vista sustantivo, en aquella hipótesis en la cual,* ***en atención a las circunstancias del caso concreto, no se pueda afirmar que tenía conocimiento de la irregularidad del contrato y, por tanto, no sea procedente su calificación como concausante de su nulidad*****"** (fundamento xurídico VII.2). (o destacado en negrita e subliñado é propio)

Cabe destacar que noutros ditames, a dita Comisión Xurídica Asesora ten en conta as circunstancias concorrentes no caso (a acreditada experiencia da empresa no sector ou a duración do contrato verbal, entre outras) para considerar se a empresa actuou ou non de boa fé.

Así no dictame 245/2023 sinala que : *"[…]* ***la contratista no podía desconocer la irregularidad del contrato verbal, al ser una empresa con acreditada experiencia en el sector, además de constatar que la duración de la situación irregular no fué puntual, sino que se prolongó durante dos años*** *[…]. Es por esta razón que la Comissió no puede compartir el criterio de la Administración cuando, en este caso, sostiene que en relación con el encargo verbal la empresa sufrió unos daños que no tenía la obligación jurídica de soportar.* ***El argumento expuesto por el Ayuntamiento relativo a que la empresa siguió prestando el servicio por las instrucciones del responsable del contrato en base al principio de buena fe no resulta suficiente para contrarrestar la presunción que la empresa no podía desconocer la flagrante irregularidad del encargo verbal, circunstancia que lo ha hecho concausante de la nulidad que ahora se declara"*** *(fundamento xurídico VI.3)."(* o destacado en negrita e subliñado é propio*)*

Neste mesmo sentido tamén se pronuncia a xurisprudencia. Así:

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 2021, sala do contencioso (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) maniféstase nos seguintes termos en relación á boa fé :

*"(.../...)****B. 1. Sobre a concorrencia da boa fe.***

O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.

Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administración poidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.

En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ningunha dúbida.

A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrencia de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrencia de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar. ***Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite****.*

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

En consecuencia, non se pode apreciar a concorrencia da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (.../...)" (o destacado en negrita e subliñado é propio)

E a Sentenza do Tribunal Supremo 4480/2023, de 17 de outubro de 2023, Sala do Contencioso, Sección: 3) Nº de Recurso: 6316/2020, Nº de Resolución: 1275/2023 expón o seguinte: (* a negrita e o subliñado é propio)

"(.../...) TERCERO.- La jurisprudencia de la Sala sobre la aplicación del principio de la prohibición del enriquecimiento injusto.

1.- El principio del enriquecimiento injusto o sin causa, que en su inicio fue elaborado por la jurisprudencia en el orden civil, ha sido acogido y viene siendo aplicado por la jurisprudencia de esta Sala, al menos, según señalan las sentencias de 15 de abril de 2002 (recurso 10381/1997) y 11 de mayo de 2004 (recurso 3554/1999), desde los años sesenta, con ciertas matizaciones derivadas de las singularidades propias de la relación jurídicoadministrativa.

2.- En la aplicación del principio de enriquecimiento injusto o sin causa, esta Sala viene exigiendo los mismos requisitos establecidos por la jurisprudencia civil, que sintetizan las dos sentencias antes reseñadas en la forma siguiente:

"a) El enriquecimiento o aumento del patrimonio del enriquecido, constituido por cualquier ventaja o atribución patrimonial abocada a producir efectos definitivos.
b) El empobrecimiento de quien reclama o de aquel en cuyo nombre se reclama, pecuaniariamente apreciable, aunque entendido en su más amplio sentido, siempre que no provenga directamente del comportamiento de quien lo sufre.
c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. O, dicho en otros términos que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.
d) La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento."

En relación con este último requisito, cabe añadir que consiste en la ausencia de una justa causa del enriquecimiento, entendiendo por justa causa de una atribución patrimonial, de acuerdo con la sentencia de la Sala Primera de este Tribunal de 13 de enero de 2015 (recurso 1147/2013), "aquella situación jurídica que autoriza, de conformidad con el ordenamiento jurídico, al beneficiario de la atribución para recibir ésta y conservarla, lo cual puede ocurrir porque existe un negocio jurídico válido y eficaz o porque existe una expresa disposición legal que autoriza aquella consecuencia".

*3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una **nueva exigencia**, a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), de singular importancia, **con el fin de evitar** que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un **fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa**.*

*Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el **desequilibrio** "ha de estar constituido por **prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo**, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración" (.../...)"*

Máis recentemente a sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do Xulgado do Contencioso administrativo número 2 de Santa Cruz de Tenerife , sinala o seguinte:

"(.../...)
QUINTO.- Beneficio Industrial.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Igualmente se ha considerado en las últimas resoluciones y en base al ingente número de recursos basados en facturas impagadas procedentes de contratos ilegales, y con el fin de desincentivar tal práctica, el no reconocimiento del beneficio industrial, por lo que se considera adecuado proceder a tal deducción
(…)/(…)
Dice la STS 462/2013 de 11 de enero, recurso 5892/2012 "(…)/(…) ***Ahora bien, cuando el artículo 1106 CC regula la indemnización de perjuicios lo hace en relación con el incumplimiento de las obligaciones, regulado en el artículo 1101, y como se ha razonado antes, el efecto del incumplimiento de una obligación y el efecto de la nulidad de un contrato, del que, en su caso, pudiera nacer una obligación, no son equiparables****. De lo contrario, se llegaría a la situación paradójica de que desde el punto de vista de las obligaciones nacidas del contrato la anulación de éste y su validez generarían iguales efectos, pues si la anulación del contrato y en consecuencia la de las obligaciones derivadas del mismo, produce en cuanto a estos el efecto de establecer como indemnización por su incumplimiento el deber de abono del lucro cesante que se hubiese obtenido del cumplimiento de la obligación, a la postre la parte perjudicada por la anulación del contrato percibiría de la contraria el mismo beneficio que si el contrato hubiese sido válido; y ello sin la carga sinalagmática que representa para ella el cumplimiento de las prestaciones del contrato. Sin negar que el artículo 65 cuestionado determine el deber legal de indemnizar, no solo daños, sino también perjuicios, lo que no cabe es que, para la identificación de éstos, con todo el problematismo que ello pueda acarrear, dichos perjuicios puedan establecerse acudiendo al régimen legal de algo diferente a la nulidad de la obligación, como es su incumplimiento.*
La invalidez y la resolución del contrato son instituciones diferentes a las que no cabe duda que el legislador ha querido dar una regulación diferenciada. La invalidez del contrato supone que la obligación no ha llegado a nacer válidamente y la resolución del contrato supone privar de efectos a una obligación válidamente nacida al mundo del derecho.
De todo lo anterior se desprende que, sin negar que además del daño deban indemnizarse los perjuicios, y que estos sean diferenciables de aquellos, esa identificación y prueba no puede consistir en la de los perjuicios derivados del incumplimiento de una obligación existente, que es precisamente lo que se hace al considerar como tales perjuicios el lucro cesante ligado al incumplimiento de obligación."

O Consello Consultivo de Andalucía sinala tamén sobre este particular no seu ditame 40/2022, de 27 de xaneiro de 2022 o seguinte:

"(…./….) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que el contratista que consiente una irregular actuación administrativa, prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios. En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento."

E o Consello Consultivo de Castela e León no seu ditame núm. 282/2016, de 28 de xullo de 2016, , ao analizar os límites da revisión de oficio, sinala que para aplicar o límite da boa fé ou o principio de confianza lexítima, é necesario que o interesado descoñeza a ilegalidade da actuación da Administración e que non actuase de xeito imprudente ao descoñecela.
Así o expón nos seguintes termos:

"…*Para aplicar el límite de la buena fé o el principio de confianza legítima para proteger una situación concreta digna de tal protección en un supuesto de revisión de oficio es necesario que el interesado desconozca la ilegalidad de la actuación de la Administración y que no haya actuado de forma imprudente al desconocerla. Esta exigencia es coherente con e fundamento de la protección de la confianza en la seguridad jurídica que sólo ampara a quien está en la creencia de la legalidad de la actuación administrativa y en la medida en que dicha creencia se mantenga.*

Requisito, polo tanto, para que proceda o aboamento do beneficio industrial nos supostos de declaración de nulidade de pleno dereito do contrato, neste caso verbal, é a concorrencia da boa fé do contratista.

E sobre dito extremo debe advertirse a imposibilidade de extraer concretos pronunciamentos aplicables *sempre et ubique* , é dicir, aplicables sempre e en todos os casos, prescindindo de aproximarse ás circunstancias concretas do caso, polo que o feito de que nun caso se resolva dunha maneira non significa que noutro no que concurran

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

circunstancias de feito distintas, o resultado sexa distinto. Polo tanto, debe analizarse casuísticamente cada expediente e analizar as circunstancias concorrentes en cada caso.,

Sentado o anterior, procede dilucidar se no caso que agora se examina concorre o requisto da boa fé do contratista.

Este extremo (o relativo á boa fé) xa foi analizado nos informes emitidos pola intervención municipal nos informes que constan nos expedientes, concluindo, polas consideracións que expón, que non queda acredita dita boa fé.

De feito, a non acreditación da boa fe do contratista foi o motivo polo que non se apreciou a confluencia dunha das esixencias que a xurisprudencia do Tribunal Supremo fixa para poder aplicar directamente a doutrina do enriquecemento inxusto (entre outras, sentenzas de 12 de decembro de 2012 (STS 8362/2012 - ECLI:ES:TS:2012:8362), 12 de maio de 2008 (ROJ:STS 2465/2008-ECLI:ES:TS:2008:2465 Recurso: 478/2007) , e 17 de outubro de 2023 ROJ: STS 4480/2023 - ECLI:ES:TS:2023:4480) requisito-o da ausencia de mala fe- que o Tribunal Supremo considera de singular importancia **"*con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio e eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa*."**. (O destacado en negrita é propio).

Adiccionalmente ao exposto, existen nos supostos examinado unha serie de circunstancias que determinan, a xuízo da que subscribe a non concurrencia da boa fé da empresa contrasta. Así:

a) - Por unha banda, a empresa a empresa non pode alegar descoñecemento da irregularidade do encargo verbal ao ser unha empresa con experiencia no sector e que presenta oferta en licitacións públicas, circunstancia que , a xuízo da que subscribe, a fai cocausante da nulidade de pleno dereito. E iso porque, como sinala a interventora municipal interina nos informes obrantes no expediente:

"Revisados os datos que figuran publicados na Plataforma de Contratos do Sector Público constátase que a mercantil AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. resultou adxudicataria de, entre outros, os seguintes contratos o cal acredita que é coñecedora das normas que rexen para contratar coa Administración Pública: - Servicios de organización, coordinación y realización de un campamento deportivo durante el año 2023 (Código CPV: 92000000-Servicios de esparcimiento, culturales y deportivos.) adxudicada 15/06/2023 a "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIOS SL) por importe de 63.331,02 Euros

- Servicio de elaboración y desarrollo de las actividades deportivas y educativas incluidas en el programa Arteixo concilia (Código CPV: 80000000-Servicios de enseñanza y formación., 92600000-Servicios deportivos) adxudicada 08/09/2023 a "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIOS SL) por importe de 355.587,01 Euros - Campamentos de Verano y Navidad, Campamentos de Día de Verano y Campamentos Tradicionales de Verano. (Código CPV: 85300000-Servicios de asistencia social y servicios conexos., 85310000

- Servicios de asistencia social., 85311300-Servicios de bienestar social proporcionados a niños y jóvenes., 85320000-Servicios sociales., 85321000-Servicios sociales administrativos., 85322000- Programa de acción municipal., 98000000-Otros servicios comunitarios, sociales o personales.) adxudicada 17/04/2024 a "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIOS SL o LOTE 2: Campamentos de día de verano por importe de 158.788,47 Euros

- Servicio de Escuelas Deportivas Municipales en el Ayuntamiento de Arteixo (Código CPV: 92000000- Servicios de esparcimiento, culturales y deportivos., 92620000-Servicios relacionados con los deportes.) adxudicada 21/04/2025 a "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIOS SL) por importe de 406.435,85 Euros"

b) A situación de ilegalidade do contrato verbal non foi algo temporal, senón que se dilatou no tempo máis de seis anos (o contrato no seu día celebrado- Servicio de escuelas de actividad física y salud y actividades físico recreativas de verano - coa empresa extinguiuse polo transcurso do prazo máximo (incluídas as prórrogas) o 1 de decembro de 2019); é dicir, non se tratou da continuidade da prestación unha vez extinto o contrato durante o prazo imprescindible no que se tramitaba uns novos expedientes tendentes ás novas adxudicacións , senón que se mantivo no tempo ata máis de seis anos, resultando incluso que a día de hoxe aínda non están convocadas as novas licitacións para contratar as prestacións.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

En relación a isto cómpre reiterar o sinalado pola que subscribe nos informes emitidos verbo das revisións de oficio:*" (..../....) Non se trata, polo tanto, da continuidade dun contrato xa extinguido, senón da continuidade na prestación do servizo una vez extinguido o contrato a través dunha nova adxudicación verbal ditada prescindido de todos os trámites legais esixidos e cunha clara erosión aos principios que deben rexer a contratación pública de libreconcorrencia, publicidade, igualdade e transparencia.*
Estaríamos, polo tanto, ante a adxudicación verbal dun contrato anteriormente extinguido sen suxeición a procedementosalgún ante o que cabe lembrar que o artigo 37 da LCSP proscribe a contratación verbal."

Neste mesmo senso, o ditame 245/2023, de 20 de xullo , da Comisión Xurídica Asesora (da Generalitat de Cartaluña) , nun suposto no que a situación irregular se prorrogou durante dous anos, expón o seguinte:

"(..../....) Es por esta razón que la Comissió no puede compartir el criterio de la Administración cuando, en este caso, sostiene que en relación con el encargo verbal la empresa sufrió unos daños que no tenía la obligación jurídica de soportar. El argumento expuesto por el Ayuntamiento relativo a que la empresa siguió prestando el servicio por las instrucciones del responsable del contrato en base al principio de buena fe no resulta suficiente para contrarrestar la presunción que la empresa no podía desconocer la flagrante irregularidad del encargo verbal, circunstancia que lo ha hecho concausante de la nulidad que ahora se declara" (fundamento jurídico VI.3).(o subliñado é propio*)*

E no ditame Ditame 20/2022 , de 27 de xaneiro manifestou nun caso no que a continuidade do contratista na prestación do servizo unha vez extinguido o contrato ata a nova adxudicación non se adoptou con carácter transitorio, para posibilitar a prestación do servizo ata a finalización dun procedemento de adxudicación previamente iniciado, senón que se adoptóu en substitución do procedemento de licitación correspondente que se omitiu totalmente. Tamén no ditame 372/2022 sinala que ao descartar a posibilidade de prórroga forzosa cabe concluir que no suposto examinado existiu un contrato verbal irregular que durou 15 meses, sen que se seguira o procedemento establecido na lexislación contractual para a contratación do servizo.

Tamén cómpre citar que a Sentenza da Audiencia Provincial de Cáceres de data 27 de marzo de 2015, que, nun caso de contratacións directas, sen licitación nin concorrencia condenou, entre outros , ao constructor como cooperador necesario dun delito continuado de fraude ás penas de dous anos e un día de prisión coa accesoria de inhabilitación especial para emprego ou cargo de concelleiro ou alcalde e das honras que lle sexan anexos, así como a incapacidade para obter o mesmo ou outros análogos, en particular os que impliquen o carácter de autoridade ou aqueles cuxa designación se faga por elección popular dirante o tempo da súa condena, e como cooperador necesario dun DELITO CONTINUADO DE PREVARICACIÓN, á pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público, nos termos antes expostos, por tempo de cinco anos, tres meses e un día e a dous decimonovenas partes das costas.

Sinala esta sentenza, polo que respecta á participación do constructor como cooperador necesario, entre outras cousas que:
"*....Debemos recordar que para un constructor profesional con notable experiencia en la obra pública como Cirpriano Nicolás las normas básicas de la contratación administrativa y, en particular, cuando un contrato se adjudica por licitación y cuando puede adjudicarse directamente, son sobradamente conocidas, tanto o más que para los concejales que las han de aplicar....."* *(o destacado en negrita é propio)*

A sentenza do Xulgado do Penal nº 1 de Plasencia de data 10 de xullo de 2024 (á que se refire a anterior da Audiencia Provincial de Cáceres) sinala , polo que respecta á cooperación necesaria do contructor que:

"...La falta de control y de exigencia de cumplimiento de requisitos, así como la adjudicación directa a un solo empresario, de forma continuada, sin solicitar presupuesto ni a este ni a otros, venía determinada por el desinterés en controlar los caudales públicos que por definición son de todos. Concierto de voluntades que tiene cabida en las previsiones jurisprudenciales expuestas al inicio del presente fundamento de derecho, siquiera por omisión dolosa, ante la dejación del cumplimiento de las obligaciones de control del gasto que se imponen al órgano de contratación en la normativa expuesta.
Actuando el empresario en cuestión, Jacobo, como "facilitador" de este modus operando, a la vez que se

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

beneficiaba de un incrrementeo ensus ingresos y en la contratación por esta conducta colaboradora directa y concreta a lo largo de los años 2007 a 2009(..../....)" (*o destacado en negrita é propio)*

Polo anteriormente exposto, a xuízo da que subscribe, non concorren no suposto examinado as circunstancias que permitan considerar a boa fé da empresa AXIÑA, SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.. , polo que entende que non procede o aboamento do beneficio industrial.

Nas enmendas presentadas polo grupo municipal Unión X Cambre proponse non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial e fixar como importes correspondentes ás liquidacións derivadas das declaracións de nulidade : 33.847,34 euros (no caso da liquidación derivada da declaración e nulidade do contrato verbal de escolas de actividade física e saúde e actividades físico recreativasde verán) , e 31.052,19 **€** (no caso da liquidación derivada da contratación erbal do servizo de de actividades socioculturais), así como aprobar as liquidacións correspondentes por ditos importes e autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar as obrigas polos importes sinalados, polo que, por esta Secretaría se informa desfavorablemente as ditas enmendas.

Advírtese que estas emendas non resultan congruentes cos acordos precedentes polos que se declararon as nulidades de pleno dereito ,xa que foi precisamente a ausencia de boa fé o que, a xuízo da que subscribe, determinou acudir a este procedemento de revisión de oficio [1] .

CONCLUSIÓN:

En atención ao exposto, infórmanse **desfavorablemente** as enmendas presentadas por Unión x Cambre en data 28 de xaneiro de 2026 (núm. rexistro entrada)**202699900000462)** .

En todo caso reitérase novamente o informado en anteriores ocasións verbo de que que é perentorio que se proceda a licitación do contrato- además do resto dos que se atopan vencidos - , de acordo cos principios de igualdade, libre concurrencia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na LCSP, así como da necesidade de evitar a repetición de prácticas irregulares como a que se suscita no presente suposto.

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriomentte ampliadas e/ ou matizadas , de ser preciso.»

A continuación, interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a alcadesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda de UxC de data 28 de xaneiro de 2026, obténdose o seguinte resultado:

---

1 **.** Nos informes emitidos pola que subscribe nos expedientes de revision de oficio das contratación verbais dos servizos que nos ocupan , de datas 14 de ferbreiro de 2024(CVD: jZKWth5gV61yKI+1gZxr".) e 15 de febreiro de 2024**(** CVD: M5HxoAUGhrYCrnFI1MMa) sinalouse, entre outras cousas, que: *Á vista, polo tanto de que no suposto examinado non se acredita documentalmente a boa fé da empresa prestadora do servizo , non se aprecia a concorrencia dunha das esixencias que a xurisprudencia do Tribunal Supremo fixa para poder aplicar directamente a doutrina do enriquecemento inxusto (entre outras, sentenzas de 12 de decembro de 2012 (STS 8362/2012 - ECLI:ES:TS:2012:8362), 12 de maio de 2008 (ROJ:STS 2465/2008-ECLI:ES:TS:2008:2465 Recurso: 478/2007) , e 17 de outubro de 2023 ROJ: STS 4480/2023 - ECLI:ES:TS:2023:4480) requisito-o da ausencia de mala fe- que o Tribunal supremo considera de singular importancia "**con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio e eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa**.".

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 19 de xaneiro de 2026, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, quedando a parte dispositiva do acordo redactada do seguinte xeito:

Primeiro-. Non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial das facturas correspondentes a AXIÑA S.L. e fixar como importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FISICO RECREATIVAS DE VERANO, prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. co NIF B15835721 en 33.847,34 euros con base no detalle que se achega na proposta do goberno.

c) La relación causal entre el empobrecimiento y el enriquecimiento, de forma que éste sea el efecto de aquél. O, dicho en otros términos que al enriquecimiento siga un correlativo empobrecimiento.
d) La falta de causa o de justificación del enriquecimiento y del correlativo empobrecimiento."

En relación con este último requisito, cabe añadir que consiste en la ausencia de una justa causa del enriquecimiento, entendiendo por justa causa de una atribución patrimonial, de acuerdo con la sentencia de la Sala Primera de este Tribunal de 13 de enero de 2015 (recurso 1147/2013), "aquella situación jurídica que autoriza, de conformidad con el ordenamiento jurídico, al beneficiario de la atribución para recibir ésta y conservarla, lo cual puede ocurrir porque existe un negocio jurídico válido y eficaz o porque existe una expresa disposición legal que autoriza aquella consecuencia"

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una nueva exigencia, a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), de singular importancia, con el fin de evitar que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa.

Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el desequilibrio "ha de estar constituido por prestaciones del particularque no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración" (.../...)"

A este respecto cabe destacar que xa a sentenza de 12.11.2021 da sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Nº de Recurso: 7071/2021; Nº de Resolución: 444/2021) manifestóuse nos seguintes termos (* a negrita e o subliñado é propio):

(.../...)B. 1. Sobre a concorrencia da boa fe.

O primeiro dos elementos analizados polo órgano de instancia é a boa fe do particular que actúa para a administración (FX III.3.1.) Neste sentido, ***a sentenza entende que non pode haber boa fe porque a empresa non pode ignorar, dada a súa entidade, que está obrando á marxe do dereito, ao non haber contratación regular.***

Certamente no tráfico empresarial e da contratación pública é dificilmente imaxinable que nin unha soa empresa que actúe no mercado e moito menos quen nalgunha ocasión tivese contratado algunha vez coa administración poidan ignorar, aplicando a máis mínima dilixencia, que actúa á marxe do procedemento legal, salvando o caso moi excepcional de particulares que non tivesen hábito de contratación coa administración e fosen requiridos por esta, ou que existise erro sobre o carácter excepcionalmente urxente do contrato ou que fose por cantidades tan nimias que fose razoable a dúbida da necesidade de procedemento formalizado. Pero dende logo, nunca con cantidades do estilo das que estamos estudando, de máis de 40 mil euros mensuais, sostidas no tempo ao longo de oito meses, ou se temos en conta a referencia que consta en autos, mesmo de anos.

En consecuencia, debemos de coincidir co xuíz de instancia en que concorre culpa da vítima, sen ningunha dúbida.

*A seguinte cuestión a desentrañar é se resulta relevante a concorrencia de culpas que alega a parte apelante, para recoñecer a viabilidade da institución e a resposta ha de ser negativa. En opinión da Sala a concorrencia de culpas o que é realmente é a proba da coautoría no ilícito administrativo, pero a mala fe coordinada de ambas partes non pode ter como efecto eximir na necesaria boa fe da parte que pretende valerse da institución, que lembremos ten por razón de ser indemnizar un dano que o empobrecido pola disposición patrimonial non ten o deber xurídico de soportar****. Quen obra sabendo que fai o que non debe facer non pode pretender ser indemnizado por iso co argumento de que a contraparte tamén sabía que facía o que a lei non lle permite.***

En consecuencia, non se pode apreciar a concorrencia da necesaria boa fe como presuposto de aplicación da institución. (.../...)"

Tamén a sentenza número 333/2023 do 09.11.2023 do JUZGADO DE LO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 de Santa Cruz de Tenerife pon de manifesto o seguinte (* a negrita e o subliñado é propio):

"(.../...) Entiendo que en base a dicha doctrina, ***no cabe hablar de una culpa exclusiva y automática de la Administración, sino que dicha culpa habrá de fijarse en cada expediente de contratación y a la luz especialmente que la mayor o menor diligencia desarrollada por el contratista.***

Como se ha ***expuesto la falta de diligencia del contratista se antoja concurrente en el presente caso, al no haber aportado por aquél ni un solo elemento de prueba vinculante para las partes acreditativo de la existencia de la contratación, incumplimiento con ello las reglas más básicas exigibles a un ordenado comerciante en su actuación en el tráfico jurídico, sea con relación a la Administración o con cualquier operador privado (..../....) "***

Os órganos consultivos sinalaron sobre este particular o seguinte:

- Ditame 282/2016, de 28 de xullo do Consello Consultivo de Castilla: (*a negrita e o subliñado é propio):

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

*"(…/…)**Para aplicar el límite derivado de la buena fe** o el principio de confianza legítima para proteger una situación concreta digna de tal protección en un supuesto de revisión de oficio es necesario que el **interesado desconozca la ilegalidad de la actuación de la Administración y que no haya actuado de forma imprudente al desconocerla**. Esta exigencia es coherente con el fundamento de la protección de la confianza en la seguridad jurídica que solo ampara a quien está en la creencia de la legalidad de la actuación administrativa y en la medida en que dicha creencia se mantenga.*

En este sentido, el nivel de diligencia exigible dependerá de la persona del interesado, sin que pueda ser exigible el mismo nivel de diligencia, por ejemplo, a un experto en el asunto de que se trate que a un completo desconocedor del régimen jurídico de una materia. (.../...)"

- Ditame 40/2022, de 27 de xaneiro do Consello Consultivo de Andalucía: (*a negrita e o subliñado é propio):

*"(…./….) Así, este Órgano ha señalado en reiteradas ocasiones que **el contratista que consiente una irregular actuación administrativa , prestando por su parte unos servicios sin la necesaria cobertura jurídica sin oposición alguna, se constituye en copartícipe de los vicios de que el contrato pueda adolecer, dando lugar a que recaigan sobre el mismo las consecuencias negativas de tales vicios**. En esta dirección el Consejo Consultivo ha insistido en que resulta improbable que quien contrata con la Administración desconozca, por mínima que sea su diligencia, que no puede producirse una contratación prescindiendo de todo procedimiento."*

Revisados os datos que figuran publicados na Plataforma de Contratos do Sector Público constátase que a mercantil AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. resultou adxudicataria de, **entre outros**, os seguintes contratos o cal acredita que é coñecedora das normas que rexen para contratar coa Administración Pública:

- Servicios de organización, coordinación y realización de un campamento deportivo durante el año 2023 (Código CPV: 92000000-Servicios de esparcimiento, culturales y deportivos.) adxudicada 15/06/2023 a "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIOS SL) por importe de 63.331,02 Euros

- Servicio de elaboración y desarrollo de las actividades deportivas y educativas incluidas en el programa Arteixo concilia (Código CPV: 80000000-Servicios de enseñanza y formación., 92600000-Servicios deportivos) adxudicada 08/09/2023 a "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIOS SL) por importe de 355.587,01 Euros

- Campamentos de Verano y Navidad, Campamentos de Día de Verano y Campamentos Tradicionales de Verano. (Código CPV: 85300000-Servicios de asistencia social y servicios conexos., 85310000-Servicios de asistencia social., 85311300-Servicios de bienestar social proporcionados a niños y jóvenes., 85320000-Servicios sociales., 85321000-Servicios sociales administrativos., 85322000-Programa de acción municipal., 98000000-Otros servicios comunitarios, sociales o personales.) adxudicada 17/04/2024 a "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIOS SL o LOTE 2: Campamentos de día de verano por importe de 158.788,47 Euros
- Servicio de Escuelas Deportivas Municipales en el Ayuntamiento de Arteixo (Código CPV: 92000000-Servicios de esparcimiento, culturales y deportivos., 92620000-Servicios relacionados con los deportes.) adxudicada 21/04/2025 a "AXIÑA SERVICIOS DEPORTIOS SL) por importe de 406.435,85 Euros

7.- O informe CCG 78/2023 emitido o 26.04.2023 polo Consello Consultivo de Galicia a solicitude do Concello de Cambre dispón: (* o subliñado é propio)

*"(../..) Así, se a realización por empresas ou particulares dunhas obras, prestacións de servizos ou subministracións de bens tiveren a súa orixe nun contrato ou actuación administrativa formalizada con carencia ou insuficiencia de crédito orzamentario, prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou, en xeral, incorrendo en calquera outra causa de nulidade de pleno dereito, debe ese acto ser sometido ao **procedemento de revisión de oficio**. A consecuencia lóxica da declaración de nulidade do acto contractual ilícito sería o abono ao contratista do "valor" da súa prestación, conforme ao previsto no art. 42.1 da LCSP, con indemnización á parte non culpable dos danos e perdas que sufrira, pero ese deber non sería tal, como antes se indicou, cando a Administración aprecie que son de aplicación os límites do artigo 110 da LPAC ou cando, atendendo ao informe do órgano interventor, emitido en función dos parámetros que se indican no artigo 28 do Real (...)*

CONCLUSIÓNS

Vistas as alegacións formuladas pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS SL, esta intervención se remite ao informe da liquidación (CVD: JiwTXON19c8Dtg9t9Ywj) e ao exposto ao longo deste informe , dando por respondidas

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

as mesmas para proceder ao pago da liquidación tras comprobar a súa determinación por alcaldía, o cumprimeneto da audiencia á empresa, e a atención por esta intervención das alegacións formuladas. »

Vista a nota informativa de Secretaría 1/2026, de data 19.01.2026 (CVD: lk/s+bybUOwPUPyOeW9h), que transcrita di:

«NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 1/2026

Remitidos a Secretaría en data 16 de xaneiro de 2025 a través da plataforma de tramitación eletrónica TEDeC os expedientes 2026/G006/000003 e 2026/G006/000004 (nos que figura relaccionado o 2025/X006/001022) , relativos á liquidacións derivadas da decalración de nulidade do acto adminsitrativo da contratación verbal dos servizos de tracto sucesivo e de competencia municipal denominados ESCUELAS DE ACTIVIDAD FÍSICA Y SALUD Y ACTIVIDADES FÍSICO RECREATIVAS DE VERANO , e servizo de ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, prestados pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L., en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta secretaría fanse as seguintes consideracións: consideracións:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo áabil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto (os expedientes delegaronse a Secretaría o día 16 de xaneiro de 2026 e polo concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación réxime interior e desenvolvmento económico comunicouse a súa intención de sometelo á consideración da Comisión Informativa correspondente na vindeira sesión ordinaria a celebrar o día 22 de xaneiro de 2026), motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia dunha técnica de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos , e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaria, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risgo que a síntese entrana. É por iso polo que as consideracions que se faran poderan ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas, de ser preciso .

Sentado o anterior, e en relación aos expedientes remitidos, coas limitacións derivadas do sinalado fanse as seguintes consideracións;

Constan nos expedientes informes da sra. Interventora interina de datas 3 de decembro de 2025 e 9 de xaneiro de 2026 (expediente 2026/G006/000004), e 3 de decembro de 2025 e 9 de xaneiro de 2026(expediente 2026/G006/000003) nos que formula as propostas de liquidacións.

As ditas liquidacións derivan das declaracións de nulidade de pleno dereito das contratacións verbais dos servizos citados, declaracións de nulidade acordadas - previos os difames favorables, preceptivos e vinculantes do Consello Consultivo de Galicia- por Resolucións da Alcaldía de datas 12 de agosto de 2025, ratificadas por acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 2 de setembro de 2025.

En relación á nulidade das ditas contratacións verbais, esta secretaría remítese e ratifícase aos informes emitidos en datas 14 de febreiro de 2024(CVD: jZKWth5gV61yKI+1gZxr), e 15 de febreiro de 2024 (CVD: M5HxoAUGhrYCrnFI1MMa).

Nos ditames do Consello Consultivo de Galicia 236 e 237 de 31 de xullo de 2025 emitidos en relación aos expedientes de declaración de nulidade referidos, logo de expresar o seu parecer favorable á revisión, o órgano consultivo alude tamen ás responsabilidades que poidan derivarse nestes casos. Así, sinala o seguinte:

> *"(…./….)O sentido favorable do ditame do Consello Consultivo nestes casos vén referido estritamente á procedencia da revisión de oficio debido a concorrencia de causa ou causas de nulidade por infraccións moi graves do ordenamento xurídico, como é, de forma sobranceira, a omisión de todo procedemento contractual.*

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

A gravidade destas actuacións ten sido posta de manifesto tanto polos tribunais (neste sentido, por exemplo, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 19.7.2022, rec. 7016/2022, alude a unha "omisión groseira e grave das máis elementais normas de dereito administrativo"), como por órganos de fiscalización (así o Tribunal de Cuentas no seu informe nº 1.415: Informe de fiscalización de los expedientes de reconocimientos extrajudiciales de crédito aprobados por las entidades locales en el ejercicio 2018) e por outros órganos consultivos como o Consejo de Estado que en Ditames como o 1518/2022 (con cita de ditames previos) sinala, en relación con irregularidades contractuais graves (entre elas, os supostos de contratación verbais) que:*

"(...) Todas estas situaciones ponen de relieve la existencia de graves infracciones en la contratación administrativa de las Administraciones implicadas. Aunque el ordenamiento jurídico dispone de mecanismos para reaccionar frente a tales conculcaciones de la legalidad e impedir que con ellas se causen perjuicios indebidos a los particulares, el Consejo de Estado debe una vez más manifestar su preocupación por la profusión de este tipo de actuaciones irregulares, que hace muy difícil salvaguardar adecuadamente los principios de publicidad y concurrencia que deben inspirar la contratación administrativa. Por más que circunstancias de diverso tipo puedan interferir en la normal sucesión de los contratos o en la necesidad de recabar trabajos complementarios o extraordinarios que no pudieron preverse o anticiparse, es deber de la Administración actuar con previsión suficiente para garantizar que la contratación administrativa se ajusta a la legalidad, iniciando los procedimientos de contratación con la antelación suficiente o recurriendo, conforme a los procedimientos previstos en la legislación vigente, a utilizar las diversas soluciones permitidas para tales casos (contratación de emergencia, modificaciones del contrato o contratos complementarios). Por ello, este Consejo de Estado debe enfatizar la responsabilidad que corresponde a la autoridad consultante para adoptar todas las medidas necesarias que eviten la continuación y repetición de conductas irregulares como la que está en el origen del expediente sometido a consulta (...)".

** Neste informe o Tribunal de Cuentas puxo de manifesto que "El compromiso de obligaciones sin adecuada cobertura contractual y sin consignación presupuestaria se ha constatado frecuente en el ámbito de las entidades locales" e que "La ausencia de actuaciones tendentes a depurar y exigir dichas responsabilidades cronifica en el tiempo estas prácticas ilegales." De aí que entre as recomendacións que se recollen no dito informe se inclúan as seguintes:*

"(…) 3. Las entidades locales deberían establecer los procedimientos necesarios para que se haga efectiva la exigencia de las posibles responsabilidades derivadas de los incumplimientos de la LTAIPBG, del TRLCSP o de la normativa presupuestaria de aplicación, que se concretan fundamentalmente en el compromiso de obligaciones adquiridas sin cobertura contractual o sin consignación presupuestaria.

4. Las entidades locales deberían implantar procedimientos de gestión adecuados que garanticen el inicio de la tramitación de los expedientes de contratación con el tiempo suficiente para evitar la ejecución de gastos sin cobertura contractual como consecuencia de la expiración del término de contratos previos.

5. Deberían establecerse por las entidades locales procedimientos de gestión en relación con los gastos de menor cuantía que eviten la falta de consignación presupuestaria cuando se genere la obligación. Así, las Bases de Ejecución del presupuesto deberían prever la retención de crédito cuando se tramitan contratos menores y cuando se libran los fondos a través del procedimiento de anticipo de caja fija.

6. Las entidades locales deberían elaborar y aprobar una instrucción que regule las operaciones a realizar a cierre de ejercicio, con el objetivo de normalizar y establecer las fechas límite para realizar los trámites de imputación de gastos e ingresos al presupuesto del ejercicio corriente, facilitando que los gastos e ingresos ejecutados se apliquen al presupuesto del ejercicio corriente, y se garantice la correcta aplicación de los principios de imputación presupuestaria, devengo y anualidad presupuestaria (…)".

Seguindo esta mesma liña, este órgano consultivo debe advertir de que a revisión de oficio nestes casos non enerva as responsabilidades que poidan derivarse nin tampouco é un procedemento que poida ser utilizado polas Administracións públicas para eludir as regras de contratación pública e orzamentaria ou para converter

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

en habitual e ordinario un modo de actuación ao marxe das ditas regras. De aí que a constatación deste tipo de irregularidades ha de ir necesariamente acompañada da adopción das medidas tendentes a corrixilas e a evitalas, o que inclúe tanto a esixencia de eventuais responsabilidades como a debida planificación e previsión das necesidades contractuais e orzamentarias con antelación suficiente para garantir o cumprimento das esixencias legais."

En canto ás responsabilidades que poden derivarse, reitérase o informado por esta secretaría na sesión extraordinaria urxente da da Comisión informativa de Presidencia, economía, facenda, innovación tecnológica e seguridade cidada de data 16 de maio de 2024 ,que consta na acta da referida sesión e que a seguir se trasncribe:

"(..../....)A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra a Sra. secretaria quen, unha vez concedido, manifesta que se solicitou por parte dun concelleiro do Partido Popular informe de Secretaría en canto ás responsabilidades que se poden derivar deste asunto; que este extremo xa foi tratado pola interventora municipal no apartado oitavo das conclusións e resume as súas consideracións; que a interventora alude en primeiro lugar ao artigo 78 da Lei de bases do réxime local que dispón que os membros das corporacións locais están suxeitos á responsabilidade civil e penal polos actos e omisións realizados no exercicio do seu cargo; que, así mesmo, o apartado terceiro deste artigo di que as corporacións locais poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando por dolo ou culpa grave, causaran danos e perdas á corporación ou a terceiro, se estos houbesen sido indemnizados por aquela.

Continúa a dicir que o Regulamento de control interno cando fala de omisión de fiscalización culmina sempre dicindo que a resolución non eximirá de esixencia de responsabilidades a que houbera lugar; que en canto ás responsabilidades, a parte do sinalado pola Sra. interventora, o artigo 60 do Texto refundido de réxime local establece e le literalmente "as autoridades e funcionarios de calquera orde que, por dolo ou culpa ou neglixencia, adopten resolucións ou realicen actos con infracción das disposicións legais, estarán obrigados a indemnizar á corporación local os danos e perdas que sexan consecuencia de aqueles, con independencia da responsabilidade penal ou disciplinaria que lles poida corresponder"; que polo tanto, en canto ás posibles responsabilidades que se poidan derivar de contratacións irregulares son as seguintes: a primeira, a responsabilidade administrativa patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas; que a disposición adicional viséxima oitava da Lei de contratos do servizo público establece que a responsabilidade patrimonial das autoridades e do persoal ao servizo das administracións públicas derivada das súas actuacións en materia de contratación pública, tanto por danos causados a particulares como á propia administración, se esixirá de conformidade co disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Di que existe tamén a responsabilidade disciplinaria do persoal ao servizo das administracións, así a mesma disposición adicional establece que a infracción ou aplicación indebida dos preceptos contidos na lei de contratos por parte do persoal ao servizo das administracións públicas dará lugar á responsabilidade disciplinaria, que se esixirá conforme á normativa específica na materia.

Continúa dicindo que tamén poden existir responsabilidades derivadas da Lei de transparencia, así o seu artigo 28 establece que constitúen infraccións moi graves a omisión de fiscalización previa, a ausencia do procedemento na resolución de discrepancias, o recoñecemento de obrigas e ordenación de pagamentos sen consignación de crédito cando sexan culpables; que as sancións que poden conlevar se establecen no artigo 30 e supoñen a declaración do incumprimento e a súa publicación no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial que corresponda, tamén o cesamento no cargo e a non percepción, no caso de que a levara aparellada, da correspondente indemnización; a imposibilidade de ser nomeados para ocupar ningún posto de alto cargo ou asimilado durante un período de entre cinco e dez anos, a obriga de restituír as cantidades percibidas ou satisfeitas indebidamente a obriga de indemnizar á facenda pública.

Di que está tamén a posible responsabilidade contable que se regula nos artigos 38 a 41 da Lei orgánica do Tribunal de Contas e artigo 49 da Lei 7/1988, do funcionamento do Tribunal de Contas. Este último precepto di literalmente que "A xurisdicción contable coñecerá das pretensións de responsabilidade que, desprendéndose das contas que deben render todos cantos teñan ao seu cargo o manexo de caudais ou efectos públicos, se deduzcan contra os mesmos cando, con dolo, culpa ou neglixencia graves, orixinaren menoscabo en ditos caudais ou efectos a consecuencia de accións ou omisións contrarias ás leis reguladoras do réxime orzamentario e de contabilidade que resulte aplicable ás entidades do sector público ou, no seu

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

caso, ás persoas ou entidades perceptoras de subvencións, créditos, avais ou outras axudas procedentes do citado sector. Soamente coñecerá das responsabilidades subsidiarias, cando a responsabilidade directa, previamente declarada e non feita efectiva, sexa contable"; di que é importante destacar respecto desta responsabilidade que a Axencia Valenciana Antifraude nunha recomendación sobre enriquecemento inxusto polo que se refire á responsabilidade contable, di que cabe sinalar que esta responsabilidade, pode ser directa (do causante/s do dano) ou subsidiaria (daquel que podendo evitalo non o fixo), sendo compatible con otros tipos de responsabilidades (penal, disciplinaria...), posto que a súa finalidade é resarcir ás arcas municipais.

Continúa a dicir que, por último, se encontra a responsabilidade penal en relación con diversas condutas punibles recollidas no Código Penal en relación coa actuación das autoridades e persoal ao servizo das administración públicas; sobre este particular di que a Axencia Valenciana Antifraude expón que "dependendo da causa xusta vulnerada ou inexistente que motivou o enriquecemento inxusto e das circunstancias que enmarcaren o caso concreto, a consecuencia punitiva última (última ratio) que o noso ordenamento xurídico anuda ao presunto responsable é a vía penal. Así, sendos supostos da figura que analizamos falando do enriquecemento inxusto poderían encaixar, levados ao extremo, nos ilícitos tipificados como delitos contra a Administración Pública en el título IX del Código Penal, entre os que aquí destacarían: a prevaricación art. 446, o suborno art. 419, o tráfico de influencias art. 428, a malversación art. 432 e as negociacións prohibidas art. 439".

(..../....)"

En todo caso reitérase o informado por esta Secretaría en anteriores ocasións verbo de que que é perentorio que se proceda á licitación dos contratos- además do resto dos que se atopan vencidos ,con prioridade dos relativos a servizos básicos - de acordo cos principios de igualdade, libre concurrencia publicidade e transparencia a través dos procedementos regulados na Lei de Contratos do Sector Público (LCSP) así como da necesidade de evitar a repetición de prácticas irregulares como a que se suscita no presente suposto.

A Comisión consultiva de contratación administrativa da Xunta de Andalucía no seu informe 9/2009, de 15 de xuño sinala que:*"(..../....)Los órganos de contratación han de ser conscientes de la indisponibilidad de las normas rectoras de la contratación pública; regla jurídicamente vinculada a la satisfacción del interés general y que opera como garantía de los principios básicos de publicidad, libre concurrencia y transparencia. Además, los métodos de contratación abierta y competitiva, en los que se aplican adecuadamente los descritos principios, permiten más concurrencia y la obtención de beneficios por ofertas más ventajosas, cuestión esta última que afecta a la eficiente utilización de los recursos públicos en un periodo como el actual, caracterizado por importantes restricciones presupuestarias.(..../....)"*

O artigo 28.4 da LCSP establece a obriga das Administracións Públicas de programar a actividade de contratación nos seguintes termos:

"4. Las entidades del sector público programarán la actividad de contratación pública, que desarrollarán en un ejercicio presupuestario o períodos plurianuales y darán a conocer su plan de contratación anticipadamente mediante un anuncio de información previa previsto en el artículo 134 que al menos recoja aquellos contratos que quedarán sujetos a una regulación armonizada."

A correcta planificación e programación da contratación pública constitúe un medio que, ademais de ser obrigatorio actualmente de conformidade co artigo 28 da LCSP, é crucial para evitar este tipo de situacións radicalmente ilegais que conlevan además o risco de que se faga un uso ineficiente dos recursos públicos.

Así o afirma a Axencia Valenciana Antifraude (Axencia de Prevención loita contra o fraude e a corrupción da Comunidade Valenciana)na *Recomendación xeral " Planificación: herramienta clave para prevenir los riesgos de corrupción en las organizaciones",* na cal sinala que é "*imprescindible que cada organización* ***planifique la manera de gastar los recursos públicos en beneficio de la comunidad, tratando así la contratación como inversión meditada y justificada***", e que "*planificar los contratos* ***posibilitará su control interno*** *(especialmente el control*

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

financiero permanente) contribuyendo así a minimizar los riesgos de corrupción, sus ***costes económicos y la 'parálisis funcional' al retrasar la ejecución de las prestaciones contratadas con la el consiguiente descrédito reputacional".***

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriomente ampliadas e/ ou matizadas , de ser preciso.»

É polo que se PROPÓN ao Pleno da Corporación:

Primeiro: Desestimar as alegacións presentadas pola empresa Axiña Servicios Deportivos S.L. en trámite de audiencia, con data 22.12.2025 e número de rexistro de entrada 202599900008028, á proposta formulada polo concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime interior e Desenvolvemento económico de data 10.12.2025 (CVD: giUIi5Czzx97ezIQx9xk), tendo en conta os informes da intervención, Informe Liquidación Axiña de data 03.12.2025 (CVD: JiwTXON19c8Dtg9t9Ywj), e informe de intervención ás alegacións presentadas por AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. no expediente de revisión de oficio iniciado por resolución de alcaldía número 440/2025 de 9 de maio de data 09.01.2026 (CVD: FRJExS2bhVDpNs+fTQYf).

Segundo: Aprobar polo importe de **29.358,43 euros** a liquidación correspondente á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado *ACTIVIDADES SOCIOCULTURALES,* prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L., co NIF B15835721.

O cálculo do citado importe resulta da suma das facturas que se inclúen no expediente unha vez minorada a Base impoñible de cada unha delas na porcentaxe do 6%, de acordo co seguinte detalle:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Texto Explicativo	Importe Total Factura	Base impoñible	IVE (A)	BI minorada en 6% (B)	BI minorada + IVE
F/2024/3707	05/11/2024	2024-0719	31/10/2024	ACTIVIDADES CULTURALES OCTUBRE 2024	2.916,32	2.651,20	265,12	2.492,13	2.757,25
F/2024/4261	11/12/2024	2024-0761	30/11/2024	SERVICIO DE ACTIVIDADES CULTURALES NOVIEMBRE 2024.	4.376,77	3.978,88	397,89	3.740,15	4.138,04
F/2025/272	13/01/2025	2024-0837	31/12/2024	SERVICIO DE ACTIVIDADES CULTURALES DICIEMBRE 2024	3.093,40	2.812,18	281,22	2.643,45	2.924,67
F/2025/619	07/02/2025	2025-0040	31/01/2025	SERVICIO DE ACTIVIDADES CULTURALES ENERO 2025	3.978,24	3.616,58	361,66	3.399,59	3.761,25
F/2025/915	07/03/2025	2025-0067	28/02/2025	SERVICIO DE ACTIVIDADES CULTURALES FEBRERO 2025	4.625,32	4.204,84	420,48	3.952,55	4.373,03
F/2025/1273	07/04/2025	2025-0133	31/03/2025	SERVICIO DE ACTIVIDADES	3.673,38	3.339,44	333,94	3.139,07	3.473,01

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

				CULTURALES MARZO 2025					
F/2025/2533	08/08/2025	2025-0342	31/07/2025	SERVICIO DE ACTVIDADES CULTURAS ABRIL 2025	3.665,45	3.332,23	333,22	3.132,30	3.465,52
F/2025/2534	08/08/2025	2025-0343	31/07/2025	SERVICIO DE ACTIVIDADES CULTURALES MAYO 2025	4.723,31	4.293,92	429,39	4.036,28	4.465,67
				TOTAL	31.052,19	28.229,27	2.822,92	26.535,51	**29.358,43 euros**

Terceiro: Autorizar e dispor o gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar a obriga por importe de 29.358,43 **€** correspondente á liquidación á que se refire o apartado Segundo deste acordo, con cargo á aplicación orzamentaria 334 22609, e aprobar a ordenación e realización do seu pagamento mediante transferencia bancaria.

Unha vez realizados os trámites contables anteriores, a débeda representada polas facturas detalladas no apartado Segundo deste acordo quedará saldada sendo estas eliminadas do rexistro contable de facturas e devoltas á empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

Cuarto: Notificar, para os efectos oportunos, o acordo á empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L."

(Cando son as doce horas e vinte minutos auséntanse do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Miramontes e o concelleiro Sr. Lamela Vázquez)

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen explica a proposta.

(Cando son as doce horas e vinte e un minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Varela Germade)

(Cando son as doce horas e vinte e dous minutos reincorpóranse ao salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Miramontes e o concelleiro Sr. Lamela Vázquez, e, seguidamente, a Sra. Varela Germade)

A continuación, intervén a Sra. Pan Lesta e dá conta sucinta da emenda ao ditame da comisión informativa presentada polo grupo municipal de UxC, que foi rexistrada de entrada ao núm. 202699900000462 o día 28 de xaneiro de 2026, que transcrita di:

«**O Grupo Municipal de Unión por Cambre, e na súa representación a voceira do mesmo, María Dolores Pan Lesta,** ao abeiro do artigo 97.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais que sinala :

"A los efectos del desarrollo de las sesiones y para definir el carácter de las intervenciones de los miembros de la Corporación, se utilizará la siguiente terminología" e engade no apartado 5: "Enmienda, es la propuesta de modificación de un dictamen o proposición presentada por cualquier miembro, mediante escrito presentado al Presidente antes de iniciarse la deliberación del asunto"

PRESENTA A SEGUINTE:

Emenda ao punto Primeiro, Segundo e Terceiro da proposta de Alcaldía relativa a Fixación do importe de

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.

Vista a proposta de Alcaldía de liquidación polo servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L

Visto o informe da interventora municipal que sinala, na consideración **TERCEIRA** "Así pois de conformidade coas sentenzas e ditames citados, o abono ou non do beneficio industrial é unha cuestión que haberá de analizarse ao abeiro das circunstancias particulares de cada caso de xeito que a non concorrencia de boa fe por parte do "contratista" implicará a detracción do beneficio. **Dificilmente pode unha mercantil da entidade de AXIÑA, S.L. alegar que descoñece a normativa sobre contratación pública".**

Visto que o contratista, tal e como el mesmo confirma no seu escrito de alegación presentado durante o trámite de audiencia, sigue prestando o servizo dun contrato caducado, a iniciativa e seguindo as instrucións da Administración contratante, configurándoo como unha situación transitoria en tanto non se procedera a adxudicación do novo contrato.

A sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 12 de novembro de 2021 (recurso núm. 7071/2021) a que se refire a interventora no seu informe (e xa citada en informes anteriores) basea a súas consideracións na doutrina establecida por sentencias como a do Tribunal Supremo de 12 de maio de 2008 (Rec. 478/2007), sobre as obras feitas por un concesionario que non foron ordenadas nin acordadas pola Administración concedinte, e que a concesionaria solicitase a súa realización e aprobación antes de executalas.

Por iso, baseándose na doutrina establecida noutras sentencias do Tribunal Supremo, referidas o enriquecemento sen causa nesta materia, o TS pon de releve que debe corrixirse tal desequilibrio cando se trate de ''*prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración."*

Considerando que debe incluirse como procedente a aplicación da doutrina de enriquecimento sen causa "*también una prorróga no pactada aunque si prestada de buena fe por la contratista iguiendo órdenes de la administración (sentencia 13 de julio de 1984)".*

Polo que, atendendo ó referido criterio no caso que nos ocupa, a conclusión é que debe apreciarse boa fe por parte do contratista, dado que a iniciativa, a vontade de contratación (inda que fora irregular) e as instrucións teñen partido sempre da Administración contratante.

E, seguindo esta doutrina, no suposto analizado pola referida sentencia do TSJ de Galicia de 12 de novembro de 2011 chégase a conclusión da concorrencia da mala fe do contratista porque las circunstancias particulares que rodean aquela contratación son moi distintas do caso que nos ocupa: as supostas instrucións corren a cargo dun empregado do concello (que non parecen tampouco probadas) non polo responsable político (ó que non se chama a declarar), os técnicos informantes non poden acreditar que o servizo se tivera prestado i en todo caso, que de ter existido, o seu prezo e moi superior os de mercado, etc. Circunstancias que levan a conclusión da existencia de mala fe no contratista.

Na sentenza do Tribunal Supremo núm. 4480/2023, de 17 de outubro, citada no informe de intervención, e reproducida parcialmente no mesmo, se indica:
"3.- A los anteriores requisitos la jurisprudencia de esta Sala añade una ***nueva exigencia*** *, a la que se refieren las sentencias de 18 de julio de 2003 (recurso 254/2002), 18 de junio de 2004 (recurso 2000/1999), 12 de diciembre de 2012 (recurso 5694/2010) y 5 de julio de 2016 (recurso 1368/2015), de singular importancia,* ***con el fin de evitar*** *que las situaciones en las que puede darse un eventual enriquecimiento injusto o sin causa, se conviertan en un* ***fácil medio de eludir las exigencias formales y procedimentales establecidas para asegurar los principios de igualdad y libre concurrencia que rigen en la contratación administrativa.***
Esta nueva exigencia requiere, de acuerdo con las sentencias que acabamos de citar, que el ***desequilibrio*** *"ha de*

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

estar constituido por ***prestaciones del particular que no se deban a su propia iniciativa ni revelen una voluntad maliciosa del mismo****, sino que tengan su origen en hechos, dimanantes de la Administración pública, que hayan generado razonablemente en ese particular la creencia de que le incumbía un deber de colaboración con dicha Administración"*

Circunstancias que no concorren no caso que nos ocupa, onde as prestacións obxecto de análise non se deben a iniciativa do particular, se non que teñen orixe en feitos dimanantes da propia Administración, que xeneraron a confianza de que lle incumbía seguir prestando o servicio de ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS.

A sentencia do Tribunal Superior de Xustiza de Extremadura núm. 182/2023, de 16 de febreiro (rec. 361/2022), tamén reproducida parcialmente no informe de intervención, refírese a prestación de servizos informáticos incorporados ós Sistemas de Información de Dependencia de Extremadura nun período en que xa non estaba en vigor un contrato administrativo, na que se indica o seguinte:

"Ahora bien, estamos ante un supuesto de hecho donde se comprueba la continuada relación entre la empresa demandante y la Junta de Extremadura, la cual se desarrolló de manera habitual mediante los correos electrónicos realizados entre la empresa y los órganos administrativos de la Junta de Extremadura. La amplia prueba documental presentada por la parte demandante acredita que la sociedad recurrente y los órganos administrativos estuvieron en constante comunicación mediante la remisión de correos electrónicos sobre las vicisitudes de los servicios y también sobre el pago de los mismos.

Destacamos los correos electrónicos remitidos por la empresa al Subdirector de Tecnologías y Sistemas de Información del Servicio Extremeño de Salud y en su día responsable técnico del servicio. En dichos correos, la empresa pone de manifiesto que está pendiente del pago de los servicios e interesa que la Administración solucione dicho problema. Los mismos se remitieron al órgano técnico responsable, ponen de manifiesto la voluntad de reclamar por los servicios prestados por la empresa demandante, se realizaron dentro de una relación continuada entre la empresa y los órganos administrativos donde las comunicaciones por correo electrónico eran la forma habitual de comunicación y demuestran la buena fe existente por parte de la sociedad actora que en todo momento prestó el servicio con la aceptación de los órganos administrativos que no consta que mantuvieran una posición contraria al pago de los mismos o que remitieran de manera expresa a la parte actora a la presentación de una reclamación administrativa a través del registro administrativo".

Sinalándose máis adiante o seguinte:
"También tenemos en cuenta que se trata de un supuesto donde la parte actora prestó el servicio con el consentimiento evidente de la Administración al ser necesaria la continuación del servicio por tratarse de una prestación esencial en el desarrollo de sus competencias.

En modo alguno se aprecia que la parte demandante incurriera en mala fe o quisiera beneficiarse de la contratación irregular, sino que prestó el servicio en atención a la petición y necesidades de la Administración..."

Asimismo, a doutrina xurisprudencial del Tribunal Supremo cando analiza supostos similares inclínase por aboar o beneficio industrial sempre que se comprobe que o contratista tivo boa fe, como sucede neste caso.

Polo que, despois de reproducir a doutrina xurisprudencial que tamén reproduce a Interventora no seu informe chega a seguinte conclusión:
"Todas estas circunstancias valoradas conjuntamente hacen que sea preciso indemnizar a la parte demandante en las cantidades antes determinadas con inclusión del beneficio industrial.

É dicir, que na referida Sentenza, e nun suposto análogo ó que nos ocupa, chegase a conclusión de que debe incluírse o beneficio industrial.

No Ditame do Consejo Consultivo del Principado de Asturias núm. 276/2018, de27 de decembro (exp. 267/2018) tamén citado no informe de intervención, e tal e como se refire no contido reproducido do ditame no referido informe, despois de analizar a doutrina da procedencia ou non do abono do beneficio industrial nos casos de declaración de nulidade dunha determinada contratación, se indica, primeiro:

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

"A nuestro juicio, la eventual improcedencia del abono exigiría un análisis completo de las circunstancias concurrentes que tampoco excluiría el de la conducta de la propia Administración, que, en cuanto sometida al principio de legalidad, está obligada a licitar los procedimientos de contratación que en cada caso procedan, lo que en el asunto sometido a nuestra consideración no sucedió.."

Para concluír, en todo caso, o seguinte:

"No obstante, en el presente caso el planteamiento de la cuestión es puramente teórico, pues una vez expuestas las diversas posturas se advierte la dificultad de determinar en la facturación del suministro eléctrico un 'beneficio industrial' asimilable al 6% del presupuesto de ejecución material a que se refiere el RGLCAP" para el contrato de obras: conclusión que compartimos

Tampoco se observa en la contratación sometida a nuestra consideración una actitud de la empresa que justifique la exclusión sobre la que se diserta. En cambio, es evidente que se trataba de un servicio que era recibido con conocimiento y a satisfacción de la Administración. En suma, en el supuesto que nos ocupa no existen suficientes elementos de juicio que sustenten la detracción del beneficio industrial de la cantidad a abonar al contratista..."

É dicir, non solo conclúe, nun suposto análogo o que nos ocupa, coa non detracción do beneficio industrial, se non que, ademais, se pon de releve a dificultade de determinar o beneficio industrial nun 6% do presuposto de execución material ó que se refire o RGLCAP, e o mesmo ocorre coa prestación do servizo que aquí se está a liquidar.

No Ditame do Consejo Consultivo de Castilla y León núm. 282/2016, de 28 de xullo de 2016, igualmente citado no informe de intervención, as consideracións do ditame referidas a aplicación do limite derivado da boa fe reproducidas no informe de intervención e que se conteñen na consideración xurídica número 10 do ditame, refírense ós límites para enervar a revisión de oficio, recollidas no artigo 106, da antiga lei 30/1992, de 26 de novembro, RJAP y PAC; que en un paso anterior no caso que nos ocupa, onde xa se tramitou a referida revisión e declarou a nulidade do contrato administrativo.

Cuestión distinta son as circunstancias que teñen que apreciarse para determinar o mala fe do contratista ós exclusivos efectos de detraer o beneficio industrial, e que non concorren no caso que nos ocupa, aplicando a propia xurisprudencia e doutrina administrativa referida no informe dos servicios de intervención.

No Ditame do Consejo Consultivo de Andalucía núm. 40/2022, de 27 de xaneiro, tamén citado no informe da Interventora Municipal, aínda que recolle a doutrina destacada no referido informe, se conclúe o seguinte:

"En el supuesto sometido a consulta, es obvio que no procede detraer el beneficio industrial, pues no solo, según la Administración "el suministro de combustible al parque móvil es un elemento esencial para garantizar el normal funcionamiento de la Consejería y cuya prestación es imprescindible cubrir de manera continuada y con sucesión el tiempo" sino que las interesadas no tuvieron responsabilidad alguna en la dilación que sufrió la tramitación del oportuno procedimiento de contratación, suficientemente ilustrado en el expediente, ajena a su participación en la licitación"

Circunstancias todas elas que son plenamente aplicables ó suposto que nos ocupa, e que levarían á mesma conclusión, pois o contratista non ten responsabilidade algunha na dilación da tramitación do oportuno procedemento de contratación.

Criterio este último do Ditame do Consejo Consultivo de Andalucía que ten sido confirmado pola recente sentencia ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo 3 de A Coruña núm. 135/24, de 13 de xaneiro, no que este Concello foi demandado por una empresa subministradora de combustible os vehículos municipais, a petición do Concello de Cambre, na que se condena ó pago do importe das facturas reclamadas, con base a seguinte conclusión:

"En tal sentido, procede reconocer a la parte actora el derecho al abono de lo reclamado, toda vez que de la documentación aportada se desprende que ha actuado de buena fe, mediante el encargo del Concello de Cambre, para suministrar combustible a vehículos municipales."

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tamén recoñece a sentencia do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 da Coruña en sentenza nº 00105/2024 de data 28 de maio de 2024 pola que se condena ao Concello de Cambre ao pago íntegro da factura polo subministro de urxencia duns proxectores para o campo de fútbol Dani Mallo de Cambre, sinalando:

"(…)debiendo reconocerse a la actora el derecho al abono del principal de la cantidad reclamada, no así de los intereses y demás conceptos, y la simétrica condena por dicha cantidad a la administración demandada, Concello de Cambre, sin costas"

En todo caso, consideramos que, se o Concello imputa mala fe ao contratista, neste caso à mercantil AXIÑA, S.L, deberá achegar proba suficiente deste elemento subxectivo do seu comportamento, isto é, feitos ou comportamentos que acrediten a existencia dunha maquinación dolosa para manterse na contrata á marxe da vontade da Administración local e en prexuízo do interese público.

Por todo o exposto, consideramos que nin concorren os elementos da mala fe, nin o concello asumiu a carga probatoria da súa existencia, sendo así que a mala fe non pode presumirse, so pena de crear unilateralmente un prexuízo para o contratista que este non ten a obriga de soportar.

En definitiva, non se pode basear a suposta mala fe do contratista exclusivamente na consideración de que **AXIÑA S.L** é unha empresa de "*certa entidade"* e participa noutras licitacións públicas, cando se se consultan os datos publicados en rexistros oficiais, ten a consideración de "micro empresa" segundo a categorización que fai a UE.

En base a todo o exposto, **PROPOÑEMOS A SEGUINTE EMENDA AO PUNTO PRIMEIRO E SEGUNDO DA PROPOSTA QUE SE TRAE A PLENO PARA RECTIFICARSE E SE APROBE DA SEGUINTE MANEIRA**:

1-. Non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial das facturas correspondentes a AXIÑA S.L. e fixar como importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCUTURAIS, prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. co NIF B15835721 en 31.052,19 euros en base ao detalle que se adxunta na proposta do goberno

2-. Aprobar por importe de 31.052,19 euros a liquidación correspondente á declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. co NIF B15835721

3-. Autorizar e dispor do gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar a obriga por importe de 31.052,19 euros correspondente á liquidación á que se refire o apartado Segundo deste acordo.

4-. Notificar, para os efectos oportunos, o acordo do pleno á empresa AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS S.L.»

Consta no expediente nota informativa de Secretaría 5/2026, asinada pola secretaria xeral, co conforme da interventora interina, o 29 de xaneiro de 2026 (CVD: 0FPOOFmJoo19Gh6unxs1), na que se informan desfavorablemente as emendas presentadas por UxC en data 28 de xaneiro de 2026 (núm. rexistro entrada 202699900000462).

A continuación, intervén o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.

(Cando son as doce horas e vinte e nove minutos auséntanse do salón de sesións o concelleiro Sr. González Leirós, e cando son as doce horas e trinta minutos a Sra. Espiñeira Galán)

Seguidamente intervén a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

(Cando son as doce horas e trinta e dous minutos reincorpóranse ao salón de sesións o concelleiro Sr. González Leirós, e a concelleira Sra. Espiñeira Galán)

(Cando son as doce horas e trinta e tres minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei, que se reincorpora ás doce horas e trinta e cinco minutos. A esta hora auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Castro Uzal)

Intervén o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as doce horas e trinta e sete minutos reincorpórase ao salón de sesións o Sr. Castro Uzal)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a emenda de UxC de data 28 de xaneiro de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

A continuación, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 19 de xaneiro de 2026, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Doce (12), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López e Lauda Fernández.

Votos en contra: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Cinco (5), dos/as Sres./as: Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta, coas modificacións que resultan da emenda aprobada, quedando a parte dispositiva do acordo redactada do seguinte xeito:

Primeiro.- Non detraer ningunha cantidade en concepto de beneficio industrial das facturas correspondentes a AXIÑA S.L. e fixar como importe correspondente á liquidación derivada da declaración de nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCUTURAIS, prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. co NIF B15835721 en 31.052,19 euros en base ao detalle que se adxunta na proposta do goberno

Segundo.- Aprobar por importe de 31.052,19 euros a liquidación correspondente á declaración de nulidade

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS, prestado pola empresa AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L. co NIF B15835721

Terceiro.- Autorizar e dispor do gasto, no seu caso, así como recoñecer e liquidar a obriga por importe de 31.052,19 euros correspondente á liquidación á que se refire o apartado Segundo deste acordo.

Cuarto.- Notificar, para os efectos oportunos, o acordo do pleno á empresa AXIÑA SERVIZOS DEPORTIVOS S.L.

2.3. MOCIÓNS URXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

***Acceso á videoacta* – 01:31:39 horas**

A) A Sra. Presidenta dá conta da proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo de data 28 de xaneiro de 2026 (CVD: aOByrAR29ima0sdBlx7F), relativa á aprobación, se procede, das bases da convocatoria e orzamento do Concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2026, así como a súa convocatoria, e concede o uso da palabra ao voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, quen di que ante as próximas datas da celebración do Entroido no Concello de Cambre, no mes de febreiro de 2026, tráese a proposta ao pleno da Corporación, de maneira urxente; e que se desculpa de antemán por non ter podido traelas con máis antelación.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, dáse conta da proposta que transcrita di:

«PROPOSTA AO PLENO

A celebración do Entroido en Cambre ten unha grande repercusión dentro do concello, pero tamén nos municipios limítrofes. Isto débese a que, ao longo do tempo, adquiriu unha identidade propia e unha forza espontánea grazas á implicación da veciñanza, dos participantes e dun público animoso que viven con entusiasmo esta festividade.

O tradicional desfile de comparsas e carrozas e o concurso do Entroido 2026 nas súas distintas categorías, é o acto central desta programación, que esperamos sexa, unha edición máis, un tempo de encontro, de goce colectivo e de ledicia para participantes e público.

Visto o informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 21 de xaneiro de 2026 favorable á aprobación das bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2026 (CVD: dBHkxL8bP6avFANv0XP3).

Visto o documento RC con núm. de operación 220260000020 de data 27 de xaneiro de 2026, por importe de 7100 euros con cargo á aplicación 338 48100.

Visto o informe da interventora interina de data 27 de xaneiro de 2026 (CVD: rdazmdfuy5/lJRNOqrC9) que, entre outras cousas, di:

«(…/…)

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

IV) CONCLUSIÓNS.

Infórmanse **favorablemente** as bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas Entroido en Cambre 2026 coas seguintes **observacións:**

1.- A Disp. Adic. 10ª da LXS establece que "*Reglamentariamente se establecerá el régimen especial aplicable al otorgamiento de los premios educativos, culturales, científicos o de cualquier otra naturaleza, que deberá ajustarse al contenido de esta ley, salvo en aquellos aspectos en los que, por la especial naturaleza de las subvenciones, no resulte aplicable*".

O art. 24 do Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que considera subvención, *calquera auxilio directo ou indirecto, valorable económicamente, a expensas das Entidades Locais, que outorguen as corporacións; e, entre eles, as becas, primas, premios e demais gastos de axuda persoal*.

Polo tanto, os premios están suxeitos á lexislación sobre subvencións salvo nos aspectos que resulte incompatible a súa aplicación pola propia natureza do premio, como pode ser o réxime de xustificación das subvencións.

Segundo o establecido no artigo 8.1 da LXS, o concello, antes do establecemento das subvencións, debe ter aprobado con carácter previo un Plan estratéxico. No mesmo senso se pronuncia o artigo 5.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

O Concello de Cambre conta cun Plan Estratéxico de Subvencións aprobado para o período 2024-2027. Porén os premios do Concurso de disfraces do Entroido 2026, aínda que se someten á lexislación aplicable en materia de subvencións, non se inclúen no mesmo por tratarse de premios de escasa contía

O art. 9.2 LXS establece que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos en dito texto legal. Por outra banda, o artigo 17.2 do mesmo texto legal establece que «*Las bases reguladoras de las subvenciones de las corporaciones locales se deberán aprobar en el marco de las bases de ejecución del presupuesto, a través de una ordenanza general de subvenciones o mediante una ordenanza específica para las distintas modalidades de subvenciones*»

Este concello non ten aprobada Ordenanza xeral de subvencións nin Ordenanza especifica reguladora das axudas económicas a conceder, polo que se recorda a necesidade de aprobación dun regulamento municipal de subvencións.

As Bases de execución do orzamento para o exercicio 2025 prorrogado para 2026, regulan no seu Título V o réxime aplicable ás subvencións.

2.- En canto ao ámbito competencial municipal para a aprobación das Bases, o Concello de Cambre ten atribuídas competencias propias "*m*) *Promoción de la cultura y equipamientos culturales*", segundo o establecido no artigo 25.2.i) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

O programa financiado a través das Bases que se presentan para a sua aprobación ten encaixe nas competencias propias municipais.

3.- (X*.A) O artigo 56 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, de carácter básico ao abeiro da DF 1ª, establece que:

> *"1. La convocatoria podrá aprobarse en un ejercicio presupuestario anterior a aquél en el que vaya a tener lugar la resolución de la misma, siempre que la ejecución del gasto se realice en la misma anualidad en que se produce la concesión y se cumpla alguna de las siguientes circunstancias:*
> *a) Exista normalmente crédito adecuado y suficiente para la cobertura presupuestaria del gasto de que se trate en los Presupuestos Generales del Estado.*
> *b) Exista crédito adecuado y suficiente en el proyecto de Presupuestos Generales del Estado que haya sido sometido a la aprobación de las Cortes Generales correspondiente al ejercicio siguiente, en el cual se adquirirá el compromiso de gasto como consecuencia de la aprobación de la resolución de concesión.*

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

2. En estos casos, la cuantía total máxima que figure en la convocatoria tendrá carácter estimado por lo que deberá hacerse constar expresamente en la misma que la concesión de las subvenciones queda condicionada a la existencia de crédito adecuado y suficiente en el momento de la resolución de concesión. En los supuestos en los que el crédito presupuestario que resulte aprobado en la Ley de Presupuestos fuera superior a la cuantía inicialmente estimada, el órgano gestor podrá decidir su aplicación o no a la convocatoria, previa tramitación del correspondiente expediente de gasto antes de la resolución, sin necesidad de nueva convocatoria.
3. En el expediente de gasto que se tramite con carácter previo a la convocatoria, el certificado de existencia de crédito será sustituido por un certificado expedido por la oficina presupuestaria del Departamento Ministerial en el que se haga constar que concurre alguna de las circunstancias mencionadas en el apartado 1 de este artículo.
4. Lo efectos de todos los actos de trámite dictados en el expediente de gasto se entenderán condicionados a que al dictarse la resolución de concesión, subsistan las mismas circunstancias de hecho y de derecho existentes en el momento en que fueron producidos dichos actos."

A Disposición Final das BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2026 que se inclúen no informe asinado o 21.06.2026 polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude (CVD: dBHkxL8bP6avFANv0XP3), en concordancia coa normativa antes transcrita, contempla a condición suspensiva á existencia de crédito nos seguinte termos:

"DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases están condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión. Tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos estes actos"

4-. (X*.B) A acta de valoración a elaborar polo xurado (base 9.2) deberá conter, tal e como esixe o artigo 35.2 la Lei 39/2015, de do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a oportuna motivación das puntuacións outorgadas:

"La motivación de los actos que pongan fin a los procedimientos selectivos y de concurrencia competitiva se realizará de conformidad con lo que dispongan las normas que regulen sus convocatorias, debiendo, en todo caso, quedar acreditados en el procedimiento los fundamentos de la resolución que se adopte".

Asemade, coa finalidade de salvagardar a obxectividade, aos membros do xurado deberíaselles exixir que non estean incursos en ningunha das causas de abstención ou recusación reguladas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.»

Vista a nota informativa de Secretaría 4/2026, de data 28 de xaneiro de 2026 (CVD: LF28b03d9obRxCLcJYsa), que transcrita di:

«**NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA 4/2026**

Remitido a secretaría en data 27 de xaneiro de 2026 o expediente 2026/G006/000006, relativo ás bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas entroido en Cambre 2026, así como a súa convocatoria, en uso das atribucións conferidas polo artigo 177 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, por esta Secretaría fanse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA- CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que logo se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto motivado pola escasez de persoal no servizo, a ausencia dunha técnica de xestión de Administración xeral , a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaria, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas e extensas e fan que a que subscribe haxa de expresarse de xeito sintético, co risgo que a síntese entrana. É por iso polo que as consideracions que se farán poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas, de ser preciso.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Sentado o anterior, e en relación ao expediente remitido, coas limitacións derivadas do sinalado fanse as seguintes consideracións:

A aprobación inicial das bases do concurso correspóndelle ao Pleno da Corporación.

O acordo de aprobación inicial debe someterse a información pública por un prazo de trinta días (artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril) polo que tendo en conta a data actual, á data da celebración do concurso non estarán aprobadas definitivamente as bases citadas, polo que se informa que no se axusta á legalidade a celebración dun concurso antes da data de aprobación definitiva das bases da convocatoria.

Se ben o criterio da que subscribe quedou exposto, para o caso de que sexa outro o criterio da Corporación, comparte a que subscribe o sinalado pola intervención municipal no apartado 4 do seu informe de data 27 de xaneiro de 2026 (CVD: rdazmdfuy5/IJRNOqrC9).

É o que expoño nesta nota informativa coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa. Esta nota é o resultado da análise dos documentos examinados, e non abrangue aspectos que, pola súa natureza, e polo sinalado na cuestión previa, requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriomenteampliadas e/ ou matizadas , de ser preciso.»

Visto canto antecede, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente as bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2026, co seguinte teor literal, así como a súa convocatoria:

BASES DA CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS DO ENTROIDO EN CAMBRE 2026

A finalidade deste concurso é estimular e fomentar a participación veciñal nunha festa popular e tradicional como o Entroido, que se celebrará en Cambre, o sábado 21 de febreiro de 2026.

1. MODALIDADE DE DISFRACES

1.1. Nesta modalidade hai dúas categorías: infantil (menos de 12 anos) e xeral (a partir de 12 anos), na que se poderá concursar de forma individual ou en grupo (máximo 5 persoas). No caso dos grupos, para participar nunha categoría ou noutra, terase en conta a idade da maioría das persoas participantes.

1.2. No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación...) cunha duración máxima de 3 minutos.

1.3. Non se permitirá subir ao escenario aqueles complementos dos disfraces que superen un metro cadrado.

1.4. Non poderán participar na modalidade de disfraces as persoas participantes nas modalidades de comparsas e/ou carrozas.

2. MODALIDADE DE COMPARSAS

2.1. Poderán participar as comparsas previamente inscritas, compostas por un mínimo de seis persoas con disfraces que teñan relación entre si, e que participen no desfile ata o Campo da Feira. No escenario e ante o xurado poderán realizar un pequeno espectáculo (interpretación musical, coreográfica, escenificación,..) de 3 a 4 minutos. A música de acompañamento, de ser o caso, debe ser facilitada á organización en formato mp3,

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

ben achegándoa xunto coa inscrición ou ben enviándoa á dirección de correo cultura@cambre.org (neste caso deberá de utilizarse a mesma conta de correo que conste na solicitude e indicar no asunto o número de inscrición no rexistro municipal e/ou o nome artístico. Teñen de prazo ata o 18 de febreiro. Por motivos técnicos, pasada esta data pode non ser tida en conta este acompañamento musical).

2.2. As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3. MODALIDADE DE CARROZAS

3.1. Poderán participar todas as carrozas compostas por seis ou máis compoñentes, inscritas previamente, presentes no punto de saída e que participen no desfile ata o Campo da Feira.

3.2. Enténdese como carroza calquera estrutura remolcada por vehículo motorizado ou construída sobre el, cunha decoración especial e cunha elaboración debidamente coidada, cun mínimo de 2 rodas e con capacidade mínima para 4 persoas, e sempre que o xurado a cualifique coma tal. A altura máxima será de 4,20 m. No caso de que se supere a altura os elementos deben ser desmontables.

3.3 As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3.4. Aqueles participantes na modalidade de carroza con dereito a gratificación que tamén se presenten como comparsa, só poderán percibir a gratificación para carrozas.

4. INSCRICIÓN

4.1. INSCRICIÓN

A inscrición dos disfraces, comparsas e carrozas formalizarase mediante a presentación da solicitude que corresponda, en calquera das oficinas de Rexistro Municipais ou na sede electrónica (sede.cambre.es), sen prexuízo do disposto no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Para estes efectos, a data de inscrición a considerar será a de entrada no Rexistro do Concello de Cambre.

Cada ficha de inscrición debe ser presentada de xeito individual. É dicir, cada asento no rexistro corresponderá única e exclusivamente a unha solicitude de participación. Considéraranse inválidos os asentos no rexistro que conteñan máis dunha solicitude de inscrición.

4.2. PERÍODO DE INSCRICIÓN

O período de inscrición comezará ao dia seguinte da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e rematará o 18 de febreiro de 2026.

5. PREMIOS

5.1. A dotación total da presente convocatoria é de 7.100,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 338 48100 Becas e premios festexos populares.

5.2. Os premios a outorgar serán os seguintes:

PREMIOS				
Disfraces			Comparsas	Carrozas
	Infantil	Xeral		

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1º	**150 euros**	**150 euros**	**300 euros**	**500 euros**
2º	-	-	**200 euros**	**400 euros**
3º	-	-	-	**250 euros**
4º	-	-	-	**150 euros**

5.3. O xurado poderá declarar deserto calquera deles.

5.4. No mesmo acto e publicamente darase a coñecer a decisión do xurado e entregarase un xustificante do premio.

6. PAGO DOS PREMIOS

6.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a presentación no rexistro de entrada da seguinte documentación:

a) Ficha do formulario de datos fiscais debidamente cumprimentada.
b) Fotocopia do NIF do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
c) No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
d) Nos demais casos, certificado da conta bancaria asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio**.**

6.4. A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2026. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

7. ASPECTOS XERAIS

7.1. Os participantes concentraranse entre as 15:15 e 16:00 h do 21 de febreiro diante da Casa do Concello, onde recibiran indicacións por parte do persoal da organización.

7.2. A organización establecerá a orde no desfile e a orde de actuación, no caso das comparsas e disfraces. As carrozas serán ubicadas no Campo da Feira e nas súas inmediacións durante a celebración da festa. As decisións tomaranse atendendo a criterios de seguridade.

7.3. No desfile deberán participar todas as persoas inscritas. Os menores de 10 anos poderán acortar o percorrido do desfile, segundo as indicacións da organización,

7.4. A organización poderá descualificar aquelas propostas que se consideren vexatorias, especialmente para as minorías étnicas, as persoas con discapacidade, etc.

7.5. Non se autoriza a participación de animais como acompañantes.

8. XURADO

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

8.1. O xurado estará composto por tres persoas invitadas e de recoñecido prestixio, alleas á organización dos actos, presidido pola concelleira da Área de Cultura ou pola persoa na que delegue, con voz pero sen voto, e actuará como secretario/a un/unha funcionario/a do Concello. A designación do xurado realizarase previamente ao desenvolvemento do concurso por resolución de alcaldía ou da concelleira delegada competente.

8.2. A participación no concurso do Entroido en Cambre 2026 implica o coñecemento e aceptación destas bases. Calquera circunstancia non prevista será resolta pola organización ou o xurado, segundo corresponda, sendo a súa decisión inapelable.

9. CRITERIOS DO XURADO

9.1. O xurado valorará os seguintes aspectos:

a) A orixinalidade, estética, artes, vestiario, caracterización, creatividade e traballo na elaboración dos disfraces, comparsas e carrozas (máx. 4 puntos)
b) A utilización de materiais de refugallo (máx. 4 puntos)
c) A inspiración en fontes culturais (escritores, pintores, científicos…) para a temática das carrozas, comparsas e disfraces (máx. 4 puntos)
d) A posta en escena, animación musical, a capacidade de interacción co público e a mobilización das masas, a sátira e a crítica social (máx. 4 puntos)
e) A conservación do *Entroido tradicional* (máx. 2 puntos)
f) O uso do galego, tanto oral como escrito (máx. 2 puntos)

9.2. As persoas compoñentes do xurado valorarán o cumprimento dos aspectos indicados no punto anterior e outorgarán entre 0 e 4 puntos segundo o cumprimento sexa baixo (0 punto), moderado (1 puntos), alto (2 puntos) ou moi alto (4 puntos). No caso dos apartados e) e f) unicamente cualificará utilizando os tres primeiros baremos (baixo, moderado e alto).
A puntuación total será a suma da obtida en cada apartado.
As propostas que non acaden unha puntuación total mínima de 8 puntos non poderán optar aos premios.
Finalizada a valoración, redactarase unha acta na que quedará reflectida as valoracións do xurado.

9.3. O xurado poderá non valorar propostas semellantes ás recreacións históricas celebradas no municipio.

9.4. O xurado outorgará un só premio por agrupación, aínda que participen en varias modalidades.

DISPOSICIÓN FINAL

As presentes bases están condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión. Tódolos actos de trámite ditados no expediente de gasto entenderanse condicionados a que ao ditarse a resolución de concesión, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que foron producidos estes actos.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2026*

FICHA INSCRICIÓN DISFRACES (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

CATEGORÍA: ☐***INFANTIL*** ☐***XERAL***

NOME ARTÍSTICO: .....

INDIVIDUAL

Nome e apelidos: ..... Asdo.:
NIF: ..... Teléfono: .....
Enderezo: .....
Localidade: ..... e-mail: .....

GRUPO
Nome e apelidos: .....Idade:.....
Nome e apelidos: .....Idade:.....
Nome e apelidos: .....Idade:.....
Nome e apelidos: .....Idade:.....
Nome e apelidos: .....Idade:.....
Nome e apelidos: .....Idade:.....

REPRESENTANTES (2)
Nome e apelidos: ..... Asdo.:
NIF: ..... Teléfono: .....
Enderezo: .....
Localidade: ..... e-mail: .....
_____-
_____
_____
_____
Nome e apelidos: ..... Asdo.:
NIF: ..... Teléfono: .....
Enderezo: .....
Localidade: ..... e-mail: .....

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinale o recadro que segue: ☐non autorizo a cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das súas bases e que está informado das normas que se achegan no dorso desta ficha. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2026*

FICHA INSCRICIÓN CARROZAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

☐***Asociación veciñal:***

☐***Grupo de veciños:***

☐***Outros concellos:***

NOME ARTÍSTICO: .....

Breve descrición / composición / medidas (largo incluído o vehículo / ancho / alto)

.....
.....
.....

Iluminación da carroza segundo a normativa vixente de circulación ☐

Compoñentes (mínimo 6)	Empadroado en Cambre
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐
Nome e NIF:	SI ☐

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos: ..... Asdo.:
NIF: ..... Teléfono: .....
Enderezo: .....
Localidade: ..... e-mail: .....

Nome e apelidos: ..... Asdo.:
NIF: ..... Teléfono: .....
Enderezo: .....
Localidade: ..... e-mail: .....

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinale o recadro que segue: ☐non autorizo a cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das súas bases e que está informado das normas que se achegan no dorso desta ficha. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2026*

FICHA INSCRICIÓN COMPARSAS (ESCRIBIR CON LETRAS MAIÚSCULAS)

□ ***Asociación veciñal:***

□ ***Grupo de veciños:***

□ ***Outros concellos:***

NOME ARTÍSTICO: .....

Breve descrición / composición

.....

.....

.....

Necesidades: □ **Micrófonos (núm. _____)** □ **Outros:**_____

Música: □ **Non** □ **Achégase coa solicitude** □ **Envíase a cultura@cambre.org**

Compoñentes (mínimo 6)	Empadroado en Cambre
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □
Nome e NIF:	SI □

REPRESENTANTES (2)

Nome e apelidos: ..... Asdo.:
NIF: ..... Teléfono: .....
Enderezo: .....
Localidade: ..... e-mail: .....

_____

_____

_____

Nome e apelidos: ..... Asdo.:
NIF: ..... Teléfono: .....
Enderezo: .....
Localidade: ..... e-mail: .....

Coas sinaturas dos representantes autorízase ao Concello de Cambre a empregar as fotografías que se realicen neste evento cultural para a súa divulgación. No caso contrario sinale o recadro que segue: □non autorizo a cesión de imaxe

A inscrición neste concurso implica a aceptación das súas bases e que está informado das normas que se achegan no dorso desta ficha. Máis información 981 613 193 cultura@cambre.org

Cambre, ____ de _____ de ____

Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre

Normas que figuran no dorso das solicitudes de inscrición

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

NOTA INFORMATIVA XERAL

•Para que o acto se desenvolva con normalidade, as persoas participantes no concurso deberán en todo momento seguir as indicacións da Policía Local, Protección Civil e do persoal da organización.

•Queda totalmente prohibido o uso de vasos de cristal na festa do Entroido, así como subir ao escenario con bebidas en calquera tipo de envase.

•Os/as participantes no concurso que causasen altercados durante a celebración da festa poderán ser descualificados do concurso a criterio da organización.

•Contra a 01:00 h deberá respectarse o descanso da veciñanza.

•A data límite para a presentación da folla dos datos fiscais xunto co NIF dos representantes e, no caso das asociacións, o CIF, documentación necesaria para o cobro dos premios/ gratificacións, será o 31 de marzo de 2026.

•O titular da conta debe corresponderse cun dos representantes legais; comprobarase que cumpra coas súas obrigas tributarias. No caso das asociacións a titular da conta debe ser a propia asociación.

NOTA INFORMATIVA PARA AS CARROZAS

•As carrozas non poden facer lume nin brasas no seu interior ou transportar líquidos inflamables, pirotecnia, teas (*antorchas) ou obxectos con chama.

•As carrozas que non conten coa iluminación segundo a normativa de circulación vixente non poderán desprazarse de noite. Estas serán trasladadas todas ao mesmo tempo a un lugar alternativo a partir das 23.59 h. Este operativo será coordinado pola Policía local. O domingo 22 de febreiro ás 11.00 h deberán retirarse do espazo asignado.

•Non está permitido viaxar na carroza ata o lugar de concentración; unicamente poderase transportar xente durante o percorrido do desfile.

•O subministro eléctrico temporal autónomo precisará a pertinente autorización, é dicir, un boletín eléctrico. A maiores da autorización será preciso contar cun extintor de incendios en regra no interior da carroza.

Moitas grazas pola súa colaboración e feliz Entroido 2026!!!

A concelleira delegada da Área de Cultura

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2026*
Datos Fiscais PREMIOS

☐CARROZAS **☐COMPARSAS** **☐DISFRACES**

Nº ..... Nome artístico: ..... Premio ..... Importe: ….. .....**€**

Representantes(deben ser os mesmos que na solicitude, dous no caso de grupos)

Nome e apelidos: ..... Asdo.:

NIF: .....

Nome e apelidos: ..... Asdo.:

NIF: .....

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 6 das bases do concurso):

6.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a **presentación no rexistro de entrada**da seguinte documentación:

a) **Ficha do formulario**de datos fiscais debidamente cumprimentada.
b) **Fotocopia do NIF**do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
c) No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
d) Nos demais casos,**certificado da conta bancaria**asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4. A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2026. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

☐Si, declaramos que a asociación veciñal está o corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social.

☐Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de premiado/representante legal/representante do grupo de veci⇧os e titular da conta bancaria asociada ao premio.

Os asinantes declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso

Cambre, ... de ..... de .....

Sra. Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

CONCURSO *ENTROIDO EN CAMBRE 2026*

Datos Fiscais GRATIFICACIÓNS

Nome artístico: ..... ☐**CARROZA**
☐**COMPARSA**

INFORMACIÓN PARA O PAGO DA GRATIFICACIÓN (segundo o punto 2.2 e 3.3 das bases do concurso):

2.2.- As comparsas do municipio terán unha gratificación individual por participar por un importe de 100,00 euros, sempre que o número delas non supere o total de 5. No suposto de que se supere, repartiríase proporcionalmente a cantidade total presupostada entre elas. Considérase comparsa do municipio, a composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

3.3.- As carrozas asistentes do municipio terán unha gratificación individual por participar por importe de 300 euros. No suposto de que o número destas supere o total de 15, repartiríase proporcionalmente a cantidade total prevista entre elas. Para que unha carroza sexa considerada do municipio, deberá estar composta na súa maioría por persoas empadroadas neste concello.

INFORMACIÓN PARA O PAGO DO PREMIO (segundo o punto 6 das bases do concurso**):**

6.1. O pagamento dos premios/gratificacións realizarase mediante transferencia bancaria. Aplicaranse as retencións fiscais oportunas, segundo a lexislación vixente, ao titular da conta bancaria asociada ao premio.

6.2. Para o pago dos premios e/ou gratificacións é necesaria a **presentación no rexistro de entrada**da seguinte documentación:

e) **Ficha do formulario**de datos fiscais debidamente cumprimentada.
f) **Fotocopia do NIF**do premiado, ou do seu representante legal, no seu caso, e a de dous representantes no suposto de grupo.
g) No caso das asociacións deberán aportar o CIF e certificado do núm. IBAN da conta bancaria da propia asociación.
h) Nos demais casos,**certificado da conta bancaria**asociada ao premio/gratificación, na que conste o titular da conta, ben do premiado, do seu representante legal ou dun dos dous representantes no suposto de grupo.

6.3. A presentación desta documentación implica a autorización ao Concello para obter datos sobre o cumprimento das súas obrigas tributarias. Con carácter previo ao pagamento, comprobarase de oficio que os premiados están ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social. De incumprirse esta condición non se poderá recibir o premio.

6.4. A data límite para entregar a documentación é o 31 de marzo de 2026. A non presentación da documentación en prazo ocasionará a perda do dereito á percepción do premio e/ou gratificación.

6.5. Coa transferencia entenderase aboado o premio correspondente.

☐Si, declaramos que a asociación veciñal está ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co concello e coa Seguridade Social.

☐Si, declaro que estou ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, co Concello e coa Seguridade Social, na miña calidade de representante do grupo de veciños e titular da conta bancaria asociada ao premio/gratificación.

Os representantes que asinan esta inscrición declaran que todos estes datos son certos e se corresponden cos dos participantes no concurso do Entroido en Cambre 2026, que son maioritariamente veciños do concello.

Cambre, ... de..... de ……

Asdo.: ..... Asdo.:.....
NIF.: ..... NIF.:.....
Representante Representante

Sra. Alcaldesa – Presidenta do Concello de Cambre

Segundo: Aprobar un gasto por importe de *sete mil cen euros* (7.100,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 338 48100 Becas e premios festexos populares**.**

Terceiro: Publicar os presentes acordos no *Boletín oficial da Provincia* e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio no Boletín Oficial da

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Provincia. O anuncio será publicado igualmente no taboleiro de Edictos da Corporación e na sede electrónica do Concello no portal de transparencia, co fin de que poidan presentarse as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Cuarto: No caso de que non se presenten, entenderanse definitivamente aprobadas as bases da convocatoria do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido en Cambre 2026, e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Quinto: Dar traslado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) da aprobación das Bases, da convocatoria, así como comunicar o extracto da convocatoria á BDNS, co fin de que esta lle dea traslado ao *Boletín Oficial da Provincia* para a súa publicación, segundo o disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen dá conta da proposta.

(Cando son as doce horas e corenta e dous minutos auséntase do salón de sesións a concelleira Sra. Prieto Lamas, que se reincorpora ao salón cando son as doce horas e corenta e dous minutos)

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo de data 28 de xaneiro de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Once(11), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo de data 28 de xaneiro de 2026 (CVD: aOByrAR29ima0sdBlx7F), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

***Acceso á videoacta* – 01:44:48 horas**

B) A continuación, a Sra. Presidenta dá conta da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistrada de entrada ao núm. 202699900000355 o día 22 de xaneiro de 2026, relativa á creación dun centro de información á muller (CIM), e concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, quen di que a urxencia vén motivada porque o que se pide é un centro de información á muller que quede reflectido nos orzamentos, e que entenden que en breve se presentarán.

(Cando son as doce horas e cincuenta e dous minutos auséntase da sesión a interventora interina, Sra. García Santiago).

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia concede o uso da palabra á concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, quen dá lectura á moción que, redactada en castelán e transcrita ao galego, di:

"MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CAMBRE CON MOTIVO DA NECESIDADE DE CREACIÓN DUN CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Con motivo do vindeiro 8 de marzo, Día Intenacional das Mulleres, desde o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cambre queremos reafirmar o noso compromiso firme e inequívoco coa igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como coa erradicación de todas as formas de violencia machista que seguen afectando de maneira estrutural á nosa sociedade.

O 8 de marzo non é só unha data simbólica, é unha xornada de reivindicación e de esixencia de políticas públicas útiles, eficaces e permanentes. Porque non basta con declaracións institucionais, fotografías ou xestos puntuais: a defensa dos dereitos das mulleres debe traducirse en recursos estables, accesibles e próximos, capaces de dar resposta real ás necesidades que existen no noso municipio.

Neste sentido, o Concello de Cambre necesita contar cun centro de información á muller (CIM) como recurso fundamental para avanzar en igualdade e na atención integral ás mulleres.

Un CIM é un servizo público de información, atención e asesoramento dirixido ás mulleres, ao colectivo LGTBIQ+, así como a calquera persoa que o requira, en materias relacionadas coa igualdade de xénero, a prevención da violencia machista, o asesoramento xurídico, a atención psicolóxica e a orientación sociolaboral.

Cada vez son máis as mulleres novas e adolescentes que necesitan orientación e apoio ante situacións de acoso, discriminación ou violencia que afectan gravemente ao seu benestar físico e emocional. Dispor dun punto de referencia próximo, profesional e accesible é unha necesidade urxente e non unha opción.

A creación dun CIM no noso concello permitiría ofrecer atención psicolóxica, asesoramento legal e orientación laboral de forma gratuíta, cun horario amplo de mañá e tarde ao longo da semana, garantindo así unha resposta inmediata a situacións que non poden agardar nin requiren cita previa.

Na actualidade, Cambre non conta cun centro de información á muller, a pesares de ter unha poboación aproximada de 25000 habitantes, o que fai imprescindible dispor dun recurso municipal específico, próximo e adaptado á realidade social do noso concello.

O artigo 14 da Constitución Española recoñece o dereito á igualdade e á non discriminación por razón de sexo, mentres que o artigo 9.2 obriga aos poderes públicos a promover as condicións necesarias para que esas igualdade sexa real e efectiva. Por iso, e en coherencia co recollido no Plan de igualdae do Concello de Cambre, resulta imprescindible pasar das declaracións aos feitos e dotar ao noso municipio dos recursos necesarios para cumprir con estes principios constitucionais.

Os centros de información á muller son recursos de iniciativa municipal impulsados e apoiados pola Xunta de Galicia, que dispón de liñas específicas de financiamento para a creación, mellora de infraestruturas e dotación de persoal destes centros. Ademais, unha vez creado, o CIM pode ser acreditado pola Xunta nun prazo aproximado de tres meses, sempre que cumpra os requisitos establecidos no Decreto 130/2016, do 15 de setembro.

A colaboración entre administracións é clave para avanzar en igualde e na loita contra a violencia de xénero. A Xunta de Galicia, en coordinación coa FEGAMP, está a traballar para reforzar a rede de CIM, mellorar a formaicón

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

especializada do persoal e impulsar as mesas locais contra a violencia de xénero. Pero para poder beneficiarse destas iniciativas, o primeiro paso debe dalo o Concello de Cambre, creando este recurso e solicitando a súa acreditación.

Por todo o exposto, e co obxectivo de avanzar cara a unha igualdade real e efectiva no noso municipio, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Concello de Cambre á creación dun centro de información á muller (CIM) como recurso municipal permanente de atención, información e asesoramento en materia de igualdade e violencia de xénero.

2. Incluír nos vindeiros orzamentos municipais de 2026, a dotación económica necesaria para a creación da infraestrutura e a contratación do persoal especializado que garanta a posta en marcha e a posterior acreditación do CIM."

Aberta a quenda de intervencións, interveñen a concelleira de UxC, Sra. Díaz Baldomir, a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as trece horas e vinte minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

Intervén o concelleiro de AV, Sr. Castro Uzal.

(Cando son as trece horas e vinte e dous minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro Sr. Alcantarilla Rei)

Interveñen a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández, e o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, de data 22 de xaneiro de 2026, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Catorce (14), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE de data 22 de xaneiro de 2026, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

***Acceso á videoacta* – 02:19:53 horas**

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

***Acceso á videoacta* – 02:19:53 horas**

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

***Acceso á videoacta* – 02:19:56 horas**

Este punto da orde do día foi tratado tras o debate do primeiro rogo de UxC.

4.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

***Acceso á videoacta* – 02:20:01 horas**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 145 resolucións numeradas da 1252 á 1337 do ano 2025 e da 1 á 59 do ano 2026, que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1252/2025	18-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola interventora interina no informe de intervención de data 02.12.2025, no que se emite informe desfavorable de reparo suspensivo ás facturas, tendo en conta o informe emitido polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 11.12.2025. Aprobar as facturas por importe de 206.488,62 euros
1253/2025	18-12-2025	Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento de 553.998,41 euros a favor do Consorcio das Mariñas, pola taxa de recollida do lixo do primeiro trimestre de 2025
1254/2025	18-12-2025	Aprobar o pagamento dos gastos en concepto de principal e recargos da Seguridade Social pendentes de pago a 16 de decembro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos por importe total de 9.572,35 euros. Aprobar o pagamento dos gastos en concepto de xuros de mora da Seguridade Social pendentes de pago a 16 de decembro de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes e o seu pagamento, por importe total de 1,32 euros
1255/2025	18-12-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe total de 190.050,37 euros
1256/2025	18-12-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2025 correspondente ao mes de marzo 2025 por un importe total 1.373,48 €

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1257/2025	18-12-2025	Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 23 de decembro de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas
1258/2025	18-12-2025	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das escolas de actividade física e saúde ano 2025 correspondente ao mes de febreiro 2025 por un importe total de 1.361,22 €
1259/2025	18-12-2025	Considerar desistida a MPQA, da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade presentada con data 05/08/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1260/2025	18-12-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o día 10/12/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: CGR
1261/2025	18-12-2025	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal solicitada o 05/12/2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6). Solicitante: CEER
1262/2025	18-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ECM
1263/2025	18-12-2025	Considerar desistido a MVS da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 23/07/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1264/2025	18-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: ECC
1265/2025	18-12-2025	Dar de alta no servizo de axuda no fogar e con taxa de 10,16 €/hora. A prestación do servizo será de 1 hora de luns a venres. A data de alta é: 12/01/2026. Solicitante: MBR
1266/2025	18-12-2025	Aprobar as facturas por importe total de 229,87 euros
1267/2025	18-12-2025	Rectificar o apartado primeiro da parte dispositiva da Resolución da Alcaldía nº 1257/2025, do 18 de decembro, no seguinte senso: Onde di: "Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o xoves 23 de decembro de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas (.../...)" Debe dicir: "Primeiro.- Convocar sesión ordinaria do Pleno municipal para o martes 23 de decembro de 2025, que terá lugar no salón de sesións da casa do concello, ás 11:00 horas (.../...)"
1268/2025	19-12-2025	Considerar desistido a IJH da solicitude da axuda económica de emerxencia social establecida no artigo 13 da Ordenanza reguladora, concretamente para lentes correctoras, solicitada con data 19/06/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1269/2025	19-12-2025	Estimar as alegacións presentadas por CCP, en representación de FGC, en relación co expediente incoado como consecuencia dos ruídos presuntamente da actividade do local sito na rúa Polígono, O Temple e como consecuencia ordenar a finalización do procedemento con arquivo das

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		actuacións
1270/2025	19-12-2025	Ordenar a suspensión definitiva das obras realizadas por MFM na parcela sita en Estrada da Estación, consistentes na demolición integral da edificación existente na citada parcela, sen axustarse á licenza concedida mediante resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de agosto de 2021
1271/2025	19-12-2025	Desestimar as alegacións presentadas por MSB en representación de FMFM. Ordenar a suspensión definitiva das obras realizadas por FFM na parcela sita en Estrada da Estación, consistentes na demolición integral da edificación existente na citada parcela, sen axustarse á licenza concedida mediante resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 24 de agosto de 2021
1272/2025	19-12-2025	Aprobar as diferenzas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social e ás retencións do IRPF do mes de agosto de 2025, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos por importe total de 171,15 e 61,28 euros respectivamente
1273/2025	19-12-2025	Desestimar as alegacións presentadas por FJML por canto que non desvirtúan os feitos denunciados, consistentes na instalación dunha caseta sen título habilitante, sendo a súa obtención obrigatoria de acordo co disposto polo artigo 142 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia. Ordenar a demolición das obras realizadas por FJML na parcela sita en Roncesvalles, Brexo-Lema, consistentes na instalación dunha caseta de madeira sen título habilitante
1274/2025	19-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 23 de decembro de 2025
1275/2025	19-12-2025	Conceder un anticipo por importe de 3.005,06 euros a devolver en 12 mensualidades. Solicitante: RPM
1276/2025	19-12-2025	Aprobar a referida nómina da paga extraordinaria de decembro de 2025 cun total retribucións brutas paga extraordinaria 235.032,66 €
1277/2025	19-12-2025	Conceder un anticipo por importe de 3.000 euros a devolver en 12 mensualidades. Solicitante: AMSG
1278/2025	19-12-2025	Levantar o reparo suspensivo formulado pola Intervención municipal no seu informe de data 13 de decembro de 2024, isto con base no informe do coordinador de actividades culturais e educativas de data 16 de decembro de 2025. Aprobar a xustificación presentada polo Club Ciclista Cambre e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos por parte do Concello de Cambre
1279/2025	19-12-2025	Considerar desistido a FJAM da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 26/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1280/2025	19-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: JPP
1281/2025	19-12-2025	Considerar desistida a MCA da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 04/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1282/2025	19-12-2025	Considerar desistida a MdelCVR da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 15/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1283/2025	19-12-2025	Considerar desistido a LTB da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 10/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1284/2025	19-12-2025	Considerar desistido a AGT da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 03/09/2025, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1285/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de MMV falecida o día 7 de decembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 122, letra D fila 1, no cemiterio municipal de Cambre, en data 8 de decembro de 2025. Solicitante: JCMB
1286/2025	19-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MCCF
1287/2025	19-12-2025	Considerar desistido a JJSC da solicitude da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada con data 12/08/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1288/2025	19-12-2025	Considerar desistida a MSCA da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 25/09/2025 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento
1289/2025	19-12-2025	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MJLD
1290/2025	19-12-2025	Aprobar a liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de novembro de 2025 por importe de 56.983,15 euros
1291/2025	19-12-2025	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a BIS, técnica de xestión de administración xeral do Concello de Culleredo, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Culleredo
1292/2025	19-12-2025	Declarar a renuncia de AGR á comunicación previa presentada para as obras de acondicionamento de local para destinar a peluquería situado na rúa Emilia Pardo Bazán, parroquia do Temple. Declarar concluso o procedemento instruído e arquivar o expediente correspondente
1293/2025	19-12-2025	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por resolución da Alcaldía núm. 637 do 11 de maio de 2011 a Mª MLL para o acceso á vivenda unifamiliar situada na rúa Tapia, parroquia do Temple, a prol de JFML
1294/2025	19-12-2025	Declarar a renuncia de RDL á licenza de vao permanente concedida por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras nº 154 do

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		día 2 de febreiro de 2023 para o acceso á vivenda unifamiliar situada na estrada Cambre-Temple, parroquia de Cambre
1295/2025	19-12-2025	Autorizar a transmisión da licenza de vao permanente concedida por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 40 do día 12 de xaneiro de 2022 a JVB, para o acceso ao almacén e garaxe particular situado na rúa Pígara, do Temple, a prol de JMUG
1296/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de MML falecida o día 20 de novembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 33, letra C, do cemiterio municipal de Cambre, en data 21 de novembro de 2025. Solicitante: MJMV
1297/2025	19-12-2025	Autorizar a transmisión do dereito de uso da urna perimetral sinalada co número 35, letra B no cemiterio municipal de Cambre en favor de INC
1298/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de LTP falecido o día 11 de novembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 137, letra A, do cemiterio municipal de Cambre. Solicitante: RTC
1299/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de ACE falecido o día 11 de novembro de 2025, foi inhumado na urna perimetral sinalada co número 113, letra B, do cemiterio municipal de Cambre. Solicitante: CCN
1300/2025	19-12-2025	Conceder o dereito de uso privativo da urna perimetral sinalada ao número 174 letra D, no cemiterio municipal de Cambre, a favor de AML co fin de inhumar o cadáver de MTMN
1301/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que o cadáver de CCC falecida o 6 de novembro de 2025, foi depositado na urna perimetral sinalada co número 62 letra C, do cemiterio municipal de Cambre en data 7 de novembro de 2025. Solicitante: JMPC
1302/2025	19-12-2025	Autorizar a transmisión do dereito de uso privativo da urna central sinalada co número 47, letra C, e da urna perimetral sinalada co número 141, letra A, do cemiterio municipal de Cambre, en favor de ECO
1303/2025	19-12-2025	Tomar coñecemento de que as cinzas de ANE falecido o día 26 de outubro de 2025, foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 17, letra B, no cemiterio municipal de Cambre, en data 29 de outubro de 2025. Solicitante: MPMG
1304/2025	22-12-2025	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NBB
1305/2025	23-12-2025	Aprobar as certificacións de obra e aprobar as facturas por un importe total de 45.711,78 euros
1306/2025	23-12-2025	Comparecer no procedemento ordinario nº 0000271/2025 demanda JJPM e LMM contra o Concello de Cambre desestima por silencio administrativo o requirimento contra a inactividade da administración demandada no cumprimento da obriga recollida no convenio urbanístico subscrito entre o Concello de Cambre e os recorrentes de data 8 de xuño de 2017, perante o Xulgado Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1307/2025	23-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 12.12.2025, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude con data 19.12.2025. Aprobar a factura por importe de 76.835,00 euros
1308/2025	23-12-2025	Aprobar o aboamento da diferenza da nómina correspondente ao mes de novembro de 2025 OSM por importe de 1.387,10 €
1309/2025	23-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 25 de novembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 20.12.2025. Aprobar as facturas por importe de 266,87 euros
1310/2025	23-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención informe de intervención de data 10.12.2025, tendo en conta os informe emitidos polo oficial, en funcións de xefe da Policía Local con data 12.12.2025 polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino con data 16.12.2025, pola responsable da Axencia de Desenvolvemento local con data 15.12.2025, polo responsable do sistema informático con data 15.12.2025, pola coordinadora de Servizos sociais con data 17.12.2025 e polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 21.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 5.015,70 euros
1311/2025	23-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 13 de marzo de 2025, tendo en conta os informes emitidos polo responsable do sistema informático con data 22.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 2.318,12 euros
1312/2025	23-12-2025	Levantar os reparos suspensivos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 28 de setembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 21 de decembro de 2025. Aprobar as facturas por importe total de 874,30 euros
1313/2025	23-12-2025	Comparecer no procedemento abreviado número 0000066/2025-M recurso contencioso administrativo interposto por VMOL contra a desestimación por silencio administrativo da reclamación de retribucións referida e reclamando o expediente administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada e encomendando tal defensa e representación ao letrado/a que corresponda da Asesoría Xurídica da Deputación Provincial da Coruña
1314/2025	26-12-2025	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 30 de decembro de 2025
1315/2025	26-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención data 18.12.2025, tendo en conta os informes emitidos polo enxeñeiro técnico de obras públicas interino de data 19.12.2025 e o informe do xefe da área de Urbanismo e Réxime interior de data 22.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 160.642,30 euros
1316/2025	26-12-2025	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal de data 30 de decembro de 2025
1317/2025	26-12-2025	Aprobar a nómina do mes de decembro de 2025 cun total retribucións brutas de 296.816,54 euros
1318/2025	29-12-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe de 87.854,14 euros

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1319/2025	29-12-2025	Aprobar as facturas e gastos por importe de 444.687,29 euros
1320/2025	29-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 10.12.2025, tendo en conta os informes emitidos polo coordinador da área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 27.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 2.624,36 euros
1321/2025	29-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 26.12.2025, tendo en conta os informes emitidos pola coordinadora de Servizos sociais con data 27.12.2025. Aprobar as facturas por un importe total de 93.892,73 euros
1322/2025	29-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 25 de novembro de 2025, tendo en conta o informe emitido polo coordinador da Área de Cultura, Deportes, Educación e Xuventude de data 27.12.2025. Aprobar as facturas por importe total de 351,45 euros
1323/2025	29-12-2025	Convocar sesión extraordinaria e urxente do Pleno municipal para o martes 30 de decembro de 2025, ás 12:00 horas
1324/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025, presentada pola ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 17.798,12 euros a prol da ANPA Gonzalo Torrente Ballester- Sigrás, en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Gonzalo Torrente Ballester, Sigrás para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1325/2025	30-12-2025	Aprobar a autorización e disposición do gasto e recoñecer e liquidar as obrigas, ordenar o pagamento así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento do importe complementario de seguridade social de acordo co establecido no artigo 3.7 do Real Decreto 32/2021 por actualización de liquidacións de traballadores con contratos formativos en alternancia: Concepto febreiro 2024 Cota Seguridade Social principal con recargos, costas e intereses 472,82 €
1326/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 16.500,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro, en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais A Curuxa do CEIP Portofaro para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1327/2025	30-12-2025	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a ARF, arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Cedeira
1328/2025	30-12-2025	Levantar os reparos emitidos pola intervención municipal no informe de intervención de data 26.12.2025, tendo en conta os informes emitidos polo administrador do sistema informático de data 27.12.2025 e polo técnico de administración xeral de data 29.12.2025. Aprobar as facturas por importe de 2.354,80 euros

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

1329/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025, presentada pola ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez. Recoñecer e liquidar obrigas por importe 27.129,75 euros a prol da ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1330/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025, presentada pola ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 19.249,04 euros a prol da ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao Convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a ANPA Brexo-Lema do CEIP Emilio González López para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1331/2025	30-12-2025	Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento de actividades extraescolares, curso 2024/2025, presentada pola Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple. Recoñecer e liquidar obrigas por importe de 16.350,00 euros a prol da Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Mencer do CEIP Graxal II do Temple para o desenvolvemento de actividades extraescolares no curso escolar 2024/2025
1332/2025	30-12-2025	Aprobar as certificacións de obra e aprobar as facturas por un importe total de 405.852,05 euros
1333/2025	30-12-2025	Levantar os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 30/12/2025 tendo en conta o informe emitido do coordinador de actividades culturais e educativas con data 30.12. Aprobar a documentación xustificativa presentada e dar por acreditado o destino dos fondos recibidos do Concello de Cambre
1334/2025	30-12-2025	Rectificar o erro detectado no punto segundo da parte dispositiva da resolución da Alcaldía número 1332/2025, de data 30 de decembro de 2025, na transcrición dun dos números de entrada das facturas, xa que onde di F/2025/2583 debe dicir F/2025/3583
1335/2025	30-12-2025	Aprobar as facturas e os gastos por importe total de 20.868,00 euros
1336/2025	30-12-2025	Levantar os reparos suspensivos formulados pola intervención municipal no seu informe de fiscalización de data 30.12.2025 tendo en conta o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas con data 30.12.2025. Aprobar a conta xustificativa do cumprimento do convenio de colaboración para a promoción musical, ano 2024, presentada pola Asociación Sementeira Cambre. Recoñecer e liquidar obrigas a favor da Asociación Sementeira Cambre por importe de 62.555,31 euros, en concepto de achega única correspondente ao exercicio 2024 do convenio de promoción musical asinado
1337/2025	30-12-2025	Levantar os reparos suspensivos formulados pola Intervención municipal no seu informe referencia, tendo en conta o informe do coordinador de

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		actividades culturais e educativas de data 30.12.2025. Aprobar a xustificación presentada polo Club Ciclista Cambre - Caeiro, para a percepción da achega única do convenio asinado para a promoción do ciclismo 2023. Recoñecer e liquidar obrigas a favor do Club Ciclista Cambre-Caeiro, por importe minorado de 28.906,17 euros en concepto de achega única do Concello de Cambre correspondente ao convenio de colaboración para a promoción do ciclismo ano 2023
1/2026	02-01-2026	Que a traballadora SMH axente de desenvolvemento local, asuma as funcións de responsable da Axencia de Desenvolvemento Local durante os días de ausencia da titular da praza, AMPT do día 2 ao día 13 de xaneiro de 2026 (ambos incluídos) e do día 19 ao día 26 de xaneiro de 2026 (ambos incluídos).
2/2026	02-01-2026	Comparecer no procedemento abreviado 288/2025 perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 4 da Coruña, demanda interposta por el letrado Sr. López López, en nome e representación de Os Ventos Innovación en Servizos SL, contra o Concello de Cambre sobre ADMON. LOCAL, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
3/2026	02-01-2026	Comparecer no procedemento abreviado 308/2025 perante o Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, demanda interposta por el letrado Sr. López López, en nome e representación de Os Ventos Innovación en Servizos SL, contra o Concello de Cambre sobre ADMON. LOCAL, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial
4/2026	02-01-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 7 de xaneiro de 2026
5/2026	05-01-2026	Aprobar a realización do evento Cabalgata dos Reis Magos 2026
6/2026	05-01-2026	Comparecer no procedemento ordinario número 303/2025, demanda interposta pola avogada Sara López Paz, en nome e representación da Comunidade de Propietarios de Garaxes rúa Constitución 9/11/13 de Cambre, contra o Concello de Cambre por responsabilidade patrimonial ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación a Secundino Javier García Uzal
7/2026	09-01-2026	Comparecer no procedemento monitorio 707/2025 perante o Xulgado do Mercantil número 2 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, e encomendando tal defensa e representación aos letrados adscritos á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4.b) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ós entes locais, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña
8/2026	09-01-2026	Vistas as bases reguladoras do “Programa de socorrrismo dirixido a concellos do interior da provincia durante o ano 2026”, da Deputación provincial da Coruña, publicadas no BOP número 196, do 14 de outubro de 2025. Solicitar, ao abeiro da convocatoria citada, a seguinte subvención: Obxecto: servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque Cecebre
9/2026	09-01-2026	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		xaneiro de 2026
10/2026	09-01-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Educación, Cultura, Movemento Asociativo, Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude o día 12 de xaneiro de 2026
11/2026	12-01-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Voceiros para o luns 12 de xaneiro de 2026, ás 11:30 horas
12/2026	12-01-2026	Expedientes sancionadores de tráfico
13/2026	12-01-2026	Comprometerse este concello a facer a comprobación de que o persoal que, no seu caso, se incorpore ás actividades subvencionadas non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúa a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuizamento civil
14/2026	12-01-2026	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal para o xoves 15 de xaneiro de 2026, ás 11.00 horas
15/2026	12-01-2026	Asignar temporalmente ao conserxe-notificador JGG e á conserxe do centro municipal de formación da ADL MªdelMCB as funcións e tarefas propias do posto de traballo de conserxe de colexios públicos cando sexan requiridos para iso, dadas as necesidades de persoal existente en tales centros educativos, de conformidade cos artigos 73-2 do Texto refundido da lei do Estatuto básico do empregado público e 37-2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
16/2026	13-01-2026	Conceder a aplicación da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, con efectos do cuarto trimestre de 2025, por cumprir os requisitos esixidos de conformidade cos informes emitidos polos técnicos de Servizos Sociais, ser pagador da póliza de aboamento e estar empadroado na vivenda obxecto de bonificación Denegar bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, por non quedar acreditada a súa falta de capacidade económica segundo informe emitido polos técnicos de Servizos Sociais
17/2026	13-01-2026	Conceder, a partir da facturación correspondente ao cuarto trimestre de 2025, a bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal núm.. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, no domicilio de subministración, por cumprir os requisitos establecidos, e aplicarlles a tarifa 1.B do Epígrafe 1.Usos domésticos, da ordenanza fiscal núm. 15. Aplicar dende o cuarto trimestre de 2025 de conformidade co disposto nos apartados B e C, do artigo 4 da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, tendo en conta os datos comunicados por Augas de Galicia referidos ás bonificacións concedidas sobre o canon, a bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da referida ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, dado que cumpren cos requisitos

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		esixidos no artigo 4. Dar de baixa dende o cuarto trimestre de 2025, de conformidade co disposto nos apartados B e C, do artigo 4 da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais, a bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da referida ordenanza aos usos destinados a vivenda habitual das familias numerosas, dado que non cumpren cos requisitos esixidos no artigo 4, tendo en conta as comunicacións de baixa remitidas por Augas de Galicia das bonificacións concedidas sobre o canon:
18/2026	13-01-2026	Comparecer no procedemento ordinario número 303/2025, demanda interposta pola avogada Sara López Paz, en nome e representación da Comunidade de Propietarios de Garaxes rúa Constitución 9/11/13 de Cambre, contra o Concello de Cambre por responsabilidade patrimonial ante o Xulgado Contencioso Administrativo número 3 da Coruña, exercitando este Concello o seu dereito á defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación á letrada don Secundino Javier García Uzal do Ilustre Colexio de Avogados da Coruña
19/2026	15-01-2026	Prorrogar ao ano 2026 o orzamento municipal de 2025, co detalle sinalado no informe da Intervención municipal de data 14.01.2026 cun estado de gastos de 18.611.251,58 € euros e de ingresos de 20.747.756,51 € euros
20/2026	15-01-2026	Avocar a delegación xenérica da área de da área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo efectuada a prol da segunda tenente de alcaldesa, dona Patricia Esther Espiñeira Galán ata o día da súa reincorporación
21/2026	16-01-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o martes día 20 de xaneiro de 2026, ás 10.00 horas
22/2026	16-01-2026	Aprobar a autorización e disposición do gasto complementario en concepto de liquidacións de recargos por presentación fóra de prazo do modelo 111 de Retencións e ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de rendas correspondente aos períodos xuño, xullo e agosto de 2025
23/2026	19-01-2026	Autorizar, dispoñer, recoñecer e liquidar obrigas en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios a don ARF, arquitecto municipal do Concello de Cedeira, en virtude do convenio interadministrativo de colaboración en materia de recursos humanos subscrito entre o Concello de Cambre e o Concello de Cedeira aprobado por Resolución da Alcaldía no 912/2025 de data 26 de setembro de 2025 polas horas traballadas no mes de decembro de 2025
24/2026	19-01-2026	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas por importe de 466,31 euros na aplicación *"920/22101 Auga dependencias municipais"* polo IVE do autoconsumo de auga do primeiro ao cuarto trimestre de 2025, así coma o seu pagamento en formalización con desconto no concepto non orzamentario *"91001 Facenda Pública IVE repercutido"*.
25/2026	19-01-2026	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao cuarto trimestre de 2025, no que constan 12.835 recibos por un importe de 671.001,10 euros.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

		Expoñer ao público todos os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios da corporación e da sede electrónica do concello. Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 23/02/2026 ao 23/04/2026 ambos os dous incluídos.
26/2026	19-01-2026	Conceder a LMME a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
27/2026	19-01-2026	Convocar sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do Concello de Cambre para o xoves 22 de xaneiro de 2026, ás 11:00 horas
28/2026	20-01-2026	Asignar ao técnico de administración xeral adscrito a Urbanismo, FMGN, as funcións do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, durante o período de baixa por incapacidade temporal do titular do posto.
29/2026	20-01-2026	Convocar sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o mércores día 21 de xaneiro de 2026, ás 14:30 horas
30/2026	20-01-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a AAF, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
31/2026	21-01-2026	Conceder a DLF a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
32/2026	21-01-2026	Desestimar a solicitude de recusación formulada por VPT con base nas consideracións contidas no informe de secretaría transcrito na parte expositiva da resolución.
33/2026	22-01-2026	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 1/2026 por un importe de 80.771,25 euros
34/2026	22-01-2026	Levantar o reparo formulado pola Intervención municipal no informe de fiscalización LMR - REPARO - SUBVENCIÓNS - PREMIOS ENTROIDO EN CAMBRE 2023- FASE O - 2023/A002/000001 - 2023/G003/000870 - 2023/G003/001071- 2024/G003/001246, de data 15/12/2024, isto con base no informe proposta emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas en data 14/11/2025. Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de 2100 euros en concepto de premios do concurso de disfraces, comparsas e carrozas do Entroido 2023 en Cambre, con cargo á aplicación orzamentaria 2024 338 48100, así como o seu aboamento mediante transferencia bancaria. Recoñecer e liquidar obrigas por un importe total de 3600,00 euros en concepto de gratificacións ás comparsas e carrozas participantes, segundo as bases para este concurso, por importe individual de 100,00 € a cada unha das 3 comparsas e de 300,00 € a cada unha das 11 carrozas con dereito á mesma, con cargo á aplicación orzamentaria 338 48100. Requirir a LMI para que solvente a súa débeda co Concello de Cambre.
35/2026	22-01-2026	Nomear como persoal eventual a APG, para o desempeño do posto de traballo de asesor de Alcaldía (85%) cos dereitos e deberes inherentes a este cargo, de conformidade cos artigos 104 da Lei 7/1985, reguladora das bases

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		do réxime local e 201 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
36/2026	22-01-2026	Aprobar as condicións para o desenvolvemento da actividade "XVII Xuntanza do Maior". A contratación das prestacións que requira a actividade citada debéranse realizar de acordo co disposto na Lei 7/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.
37/2026	22-01-2026	Ordenar á Comunidade de Propietarios do edificio sito na praza Enrique Piñeiro (Estrada Cambre-Temple, 2), Cambre que procedan de xeito inmediato ao valado perimetral da zona de maneira que se asegure tanto a protección das persoas como dos bens e á retirada controlada das pranchas de cristal da varanda de vidro existente no citado edificio, por canto que se constatou o risco inminente de caída dos citados elementos cara a vía pública, con perigo para as persoas e os bens. Incoar expediente de orde de execución como consecuencia dos feitos denunciados. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de quince días. Advertir aos interesados de que en caso de incumprimento desta orde de execución, a administración municipal procederá á súa execución subsidiaria ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros reiterables ata lograr a execución do ordenado
38/2026	22-01-2026	Autorizar, dispor e recoñecer obrigas, así coma o seu pagamento, por importe de 4.556,35 euros na aplicación "920/22501 Tributos Xunta de Galicia Administración xeral" polo canon da auga ano 2025 das dependencias municipais.
39/2026	22-01-2026	Conceder a Telefónica de España, SAU, a licenza municipal solicitada para a instalación dun poste de fibra e unha riostra no lugar das Gamelas, parroquia de Anceis, co fin de posibilitar o desenvolvemento da rede pública de comunicacións electrónicas, segundo a memoria técnica que se achega, supeditada ao cumprimento das condicións establecidas na autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea do 7 de maio de 2025, e na declaración responsable presentada en Augas de Galicia o 12 de maio de 2025, así como a que o novo poste recúe 4,50 metros do eixe do viario público.
40/2026	22-01-2026	Conceder a MRP a licenza municipal solicitada para a construción dunha rampla de acceso á finca sita no lugar de San Paio, parroquia de Brexo, segundo a documentación que se achega, condicionada a que antes do inicio das obras se obteña a conformidade da Sección de Obras e Servizos municipal respecto das obras de urbanización.
41/2026	22-01-2026	Conceder a DAT a licenza municipal solicitada para a substitución da posición da rampla de acceso e colocación dun portal de entrada na parcela sita no lugar do Vilar, parroquia de Sigrás, segundo a documentación que se achega, condicionada a que antes do inicio das obras se obteña a conformidade da Sección de Obras e Servizos municipal respecto das obras de urbanización.
42/2026	22-01-2026	Impoñer a FMRP unha multa coercitiva por importe de 1000,00 **€,** ao terse constatado o incumprimento resolución da alcaldía do día 30 de maio de 2025 que lle ordenou que procedera á poda e roza da vexetación existente na finca sita no lugar Castrobó, Anceis, que está a invadir a vía pública, debendo ademais rebaixar a altura do cerramento vexetal ata 1,80 metros, altura máxima permitida polas Normas subsidiarias de planeamento municipais, advertíndolle de que se lle poderán impoñer novas multas coercitivas polo dito importe, reiterables trimestralmente, ata acadar o cumprimento total da citada

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

		orde. Requirir ao interesado, para que proceda ao pago da citada cantidade.
43/2026	22-01-2026	Denegar a ADCM, a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 19 de decembro de 2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
44/2026	22-01-2026	Denegar a MELC, a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 12 de decembro de 2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
45/2026	22-01-2026	Denegar a ESNF a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 16 de decembro de 2025, xa que segundo o disposto no artigo 6 da ordenanza reguladora, supera o número máximo de vales que se poderán entregar ao ano por unidade familiar (6).
46/2026	22-01-2026	Denegar a MAFG a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal solicitada o 22/10/2025, xa que segundo o disposto no artigo 23.7 da ordenanza reguladora, incumpre os compromisos asumidos no proxecto de intervención social.
47/2026	22-01-2026	Desestimar o recurso de reposición interposto por RAC, contra a resolución da alcaldía de data 6 de xuño de 2025, pola cal se lle impuxo unha multa coercitiva polo importe de 1000 €, confirmando a resolución recorrida. Iniciar os trámites para a execución subsidiaria da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras do día 13 de xaneiro de 2023, pola que se ordenou a poda das polas que sobresaen ao camiño público nº 136 desde a parcela sita na Rocha, Anceis, ao non terse cumprido pola interesada dentro do prazo concedido
48/2026	22-01-2026	Aprobar, con efectos do 22 de decembro de 2025, a relación de solicitudes admitidas dos participantes no programa de actividades “Xogando no Nadal 2025” (1ª quenda: do 22 ao 26 de decembro de 2025, ambos incluídos, agás o 25 de decembro que é festivo).
49/2026	22-01-2026	Conceder a LELH a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora.
50/2026	22-01-2026	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico, por importe total de 1600 euros.
51/2026	22-01-2026	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025 correspondente ao mes de abril 2025 que comprende 265 recibos, dos cales 143 son cotas cero, por un importe total de 1.297,88 €. Expoñer ao público os datos incorporados ao padrón que se aproba, mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Establecer o período de cobramento en período voluntario, que abranguerá dende o 27/02/2026 ao 27/04/2026, ambos os dous incluídos.
52/2026	22-01-2026	Considerar desistido a RHRB da solicitude da axuda económica de

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

		emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da Ordenanza reguladora, solicitada con data 23/2/2024, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
53/2026	22-01-2026	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a MPM, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos.
54/2026	22-01-2026	Denegar a DMC a prestación do servizo de axuda no fogar por libre concorrencia solicitado con data 20/06/2023, por resultar incompatible coa prestación económica por coidados no contorno familiar que ten concedida dentro do programa individual de atención do SAAD (Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia).
55/2026	23-01-2026	Solicitar a subvención convocada para o fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas, a través da contratación de 4 mulleres, isto ao abeiro da Orde de 18 de decembro de 2025, da Consellería de Política Social e Igualdade, publicada no DOG núm. 11, do 19 de xaneiro de 2026, cun orzamento total de 113.978,16 €.
56/2026	23-01-2026	Aprobar a autorización, disposición do gasto e recoñecemento da obriga a prol de JRD da parte do prezo xusto da expropiación na que hai conformidade, por importe de catorce mil oitocentos trinta e oito euros con cincuenta e un céntimos (14.838,51 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 151 60000 Terreos Urbanismo, e mil oitocentos corenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (1.844,63 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 011 35200 así como realizar o pago mediante transferencia bancaria no número IBAN de conta sinalado polo expropiado.
57/2026	23-01-2026	Tomar coñecemento de que as cinzas de JMRP, falecido o dia 7 de novembro de 2025, foron depositadas na urna perimetral sinalada co número 123, letra A, fila 1, no cemiterio municipal de Cambre en data 10 de novembro de 2025. Aprobar a liquidación da taxa pola licenza de apertura da urna por un importe de 18,39 euros, xa aboada no momento da solicitude. Inscribir no libro rexistro historial de nichos do cemiterio municipal de Cambre a inhumación realizada en data 10 de novembro de 2025. Instar aos herdeiros para que soliciten a transmisión do dereito de uso da citada urna.
58/2026	23-01-2026	Aprobar, con efectos do 1 de maio de 2025, a relación de 7 altas e 5 baixas para participar no “Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2025”.
59/2023	23-01-2026	Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 27 de xaneiro de 2026, ás 10.00 horas, que terá lugar no despacho da Alcaldía da casa do concello

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 23 de decembre de 2025

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

- Proposta relativa á adxudicación do "Contrato mixto para o desenvolvemento da cabalgata infantil dos Reis Magos a celebrar no Concello de Cambre no ano 2026" (Expediente núm.2025/C004/00013), á entidade mercantil "Animación y Eventos, S.L" no prezo ofertado de 55,000,00 € sen IVE, 66.550,00 € (IVE incluído). - Proposta relativa á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado PROGRAMA MAÑANCEIRO prestado pola empresa A BILLARDA, S.L. - Proposta relativa á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado "Servizo de mantemento copiadoras municipais" prestado pola empresa ESTURION, S.L. - Proposta relativa á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal "Servizo de telefonía fixa, móbil, acceso a Internet, centraliñas virtuais e aluguer de equipo, incluíndo os servizos de conexión con outros centros de traballo deste concello, servizos de firewall (seguridade e antivirus), servidor virtual e resposta rápida de incidencias e avarías" prestado pola empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA S.A. .
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 7 de xaneiro de 2026
- Proposta relativa á ampliación do prazo de execución do contrato de "Subministración en réxime de aluguer e instalación de iluminación ornamental do Concello de Cambre 2025/26". Expediente núm. 2025/C005/000003 - Proposta relativa á aprobación da modificación da Oferta de Emprego Público do Concello de Cambre do ano 2024
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 21 de xaneiro de 2026
- Proposta relativa á aprobación do expediente de contratación do "Servizo para a produción do Entroido Pequeno en Cambre 2026". Expediente núm. 2026/C004/000001

4.3. ROGOS

***Acceso á videoacta* – 02:20:12 horas**

ROGOS DE UXC PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900000415 o día 26 de xaneiro de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - *Acceso á videoacta* – 02:20:20 horas

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

"Unión por Cambre ten constancia dun grave problema que está a acontecer co servizo de taxis en Cambre e que está repercutindo nun servizo deficitario para os veciños e veciñas deste concello. Os 23 taxis con licenza que hai en Cambre están sendo operados por dúas centraliñas diferentes. Unha Radio-Taxi, onde se engloban 13 taxis e outra, Tele-taxi, á que pertencen os outros 10 taxis. Segundo puidemos saber, os taxis da operadora Tele-taxi non só operan en Cambre senón que tamén fan servizos no Concello de Culleredo, servizos que restan de facer en Cambre. Isto leva consigo que moitas demandas

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

de veciños e veciñas de Cambre non sexan atendidas e que dende a centraliña a mensaxe de non hai taxis sexa tan habitual.

A todo isto, engádese que na actualidade hai catro números de teléfono diferentes para chamar para solicitar un servizo de taxi o que tamén está xerando malestar entre os usuarios.

Tendo en conta que estamos ante un servizo esencial para moitos veciños e veciñas de Cambre que teñen que facer uso deste servizo para os seus desprazamentos e de cara a garantir o mellor servizo de taxi para os veciños e veciñas de Cambre, ROGAMOS que a Sra. alcaldesa realice as xestións pertinentes para garantir que os 23 taxis con licenza en Cambre presten os seus servizos neste concello, así como que se estude a posibilidade de unificar todas as peticións de servizo de taxi nun único número de teléfono."

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

***Acceso á videoacta* – 02:22:16 horas**

Cando son as trece e trinta e dous minutos dáse conta do punto da orde do día titulado "**4.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO"**

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 20/2026, do 15 de xaneiro, cuxa parte dispositiva transcrita di:

> **"Primeiro.-** Avocar a delegación xenérica da área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo efectuada a prol da segunda tenente de alcaldesa, dona Patricia Esther Espiñeira Galán ata o día da súa reincorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 396/2025, do 30 de abril.
>
> **Segundo.-** Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar."

- Do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2025, relativo á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado "PROGRAMA MAÑANCEIRO" prestado pola empresa A BILLARDA, S.L.

- Do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2025, relativo á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado *"SERVICIO DE MANTENIMIENTO COPIADORAS MUNICIPALES"* prestado pola empresa ESTURIÓN, S.L.

- Do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 23 de decembro de 2025, relativo á declaración da nulidade do acto administrativo da contratación verbal do servizo de tracto sucesivo e de competencia municipal denominado "SERVIZO DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL, ACCESO A INTERNET, CENTRALIÑAS VIRTUAIS E ALUGUER DE EQUIPO, INCLUÍNDO OS SERVIZOS DE CONEXIÓN CON OUTROS CENTROS DE TRABALLO DESTE CONCELLO, SERVIZOS DE FIREWALL (SEGURIDADE E ANTIVIRUS), SERVIDOR VIRTUAL E RESPOSTA RÁPIDA DE INCIDENCIAS E AVARÍAS", prestado pola empresa R CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Seguidamente retómase o punto da orde do día 4.3. Rogos.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:23:44 horas**

Lee o rogo a Sra. Pan Lesta.

"Vista a cantidade de noticias que este goberno vende de actuacións que o goberno da Xunta vai levar a cabo en Cambre sen poder concretar nunca en que consisten as ditas actuacións. Seguimos sen saber en qué consiste o anunciado convenio do Mero, as actuacións que vai facer a Xunta nos colexios de Brexo-Lema e Sigrás, así como os acordos aos que chegou coa directora xeral de Administración Pública en materia de subvencións a entidades municipais e investimentos. A día de hoxe, todas esas noticias publicadas en prensa non foron explicadas á corporación que no caso do Mero e dos colexios, varios partidos están a demandar esta información dende hai tempo. Rogamos se demostre, con documentos asinados, qué investimentos dos que a Sra. alcaldesa vendeu en prensa vai materializar este ano a Xunta tendo en conta que nos orzamentos autonómicos o Concello de Cambre está missing."

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:26:22 horas**

Lee o rogo o Sr. Mallo Castro.

"O pasado xoves día 22 sucedeu un feito que nos ten moi preocupados. A Xunta de Galicia a través da Axega anunciou unha alerta laranxa por ventos para o noroeste da provincia da Coruña, o xoves 22 dende as 18:00 ata as 21:00 h.

Con este risco a maior parte dos concellos, e Cambre tamén ata ese día, decretaron o peche dos parques e as instalación deportivas ao aire libre. A nosa sorpresa foi que ese mesmo día as entidades deportivas e a veciñanza non tiveron novas sobre ese particular por parte do concello. Nin nota de prensa nin nas RRSS, co conseguinte perigo para a saúde da veciñanza ao non estar informados dos riscos. Para máis gravidade todavía, Cambre non tiña ese día servizo de Protección Civil.

Non foi ata as 19:30 h cando o Concello publicou a nota coa alerta laranxa…1h e 30m despois de comezada esta. Deixando as pistas exteriores e os parques abertos co risco de caída de ramas e árbores. Para nós é unha conduta absolutamente irresponsable por parte do goberno local, un absoluto deixamento de funcións. Non só non avisaron a tempo senón que tardaron en atender as dúbidas das entidades. Este goberno non só fuxe das súas responsabilidades, senón que no seu afán de botar a culpa a outros é quen de deixar nun caixón durante nada máis e nada menos que 9 meses un proceso selectivo de axentes de Protección Civil e deixarnos a todos sen servizo case todos os días deses 9 meses. Dependendo unicamente do Servizo de Bombeiros do Consorcio, que, con 3 efectivos por quenda, atende Arteixo, Culleredo, Carral e Oleiros, ademais de Cambre.

Por todo isto ROGAMOS: Que de maneira urxente se retome a cordura e se manteña puntualmente informada á veciñanza e ás entidades sobre calquera alerta meteorolóxica ou similar que se produza adoptando as medidas que sexan precisas e no prazo máximo de 15 días se realice o proceso selectivo de axentes de Protección Civil e Emerxencias que vostedes esqueceron nun caixón durante nada máis e nada menos que 9 meses."

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo. Interveñen o Sr. Mallo Castro, a Sra. Prieto Lamas e a Sra. Prieto Miramontes.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900000427 o día 26 de xaneiro de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:36:01 horas**

Lee o rogo a Sra. Rodríguez López.

«Nas últimas comisións, e en relación cun dos nosos rogos, queremos reiterar o seguinte:

No pleno de novembro formulamos un rogo relativo aos focos fundidos do campo de Lendoiro–A Barcala. Naquel momento respondéusenos que a empresa Instelec estaba a traballar niso e, textualmente, díxose: "Por suposto que se acepta".

A día de hoxe, os focos continúan fundidos.

Nas devanditas comisións indicóusenos que non se actuou porque o orzamento presentado para a reposición dos focos, era moi elevado e considerouse que supoñía "tirar o diñeiro", ao estar prevista — segundo se nos trasladou — unha reforma integral do campo ao longo deste ano. Como alternativa, exponse probar se poden reutilizarse os focos do campo Dani Mallo, actualmente sen uso, ou, na súa falta, outros focos de Sigrás. Non sabemos a que se está esperando para esta proba. Esta explicación parécenos inaceptable. Se finalmente eses focos non son reutilizables e a reforma integral non se executa a curto prazo, o campo de Lendoiro–A Barcala quedará condenado a permanecer ás escuras de maneira indefinida, a pesar de que o rogo foi aceptado expresamente.

Por todo iso, reiteramos o rogo para que se repoñan os focos do campo de Lendoiro–A Barcala e se garanta a súa correcta iluminación, de forma inmediata, sen supeditar unha actuación básica e necesaria a unha reforma futura cuxa execución non está asegurada.»

O Sr. Gonzalo Lamela contesta o rogo. Interveñen a Sra. Pan Lesta, a Sra. alcaldesa e o Sr. Alcantarilla Rei.

(Cando son as trece horas e corenta e nove minutos auséntanse do salón de sesións a concelleira Sra. Lauda Fernández, e cando son as trece horas e cincuenta minutos a concelleira Sra. Louro López)

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:40:41 horas**

Lee o rogo o Sra. Parcero Quiñoy

"Tendo en conta os numerosos problemas que padecen as nosas árbores, este concello non pode permitir que se sigan maltratando.

Se as enfermidades non acaban con eles, farémolo nós por non coidalos como corresponde. Tal e como se aprecia na foto, está a permitirse a colocación de carteis nos troncos das árbores mediante cinta de embalar, unha práctica que resulta moi prexudicial.

Existe unha normativa que prohibe este tipo de actuacións e, con todo, non se está facendo cumprir.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Ademais, está a tolerarse que persoas procedentes doutros concellos veñan estragar o noso arboredo sen consecuencia ningunha. Rogamos que se retiren de inmediato estes carteis e que se avise aos responsables para que non se repitan este tipo de condutas."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:41:42 horas**

Lee o rogo a Sra. Rodríguez López

"Este domingo día 25, os equipos do club de fútbol Brexo Lema non puideron disputar os seus partidos no seu campo habitual debido á rotura da caldeira, véndose obrigados a desprazarse a outros campos de fútbol. Rogamos que se solucione este problema de forma inmediata para que o club poida utilizar con normalidade as instalacións do campo municipal dos Pinares e non teña que seguir desprazándose a outros campos para disputar os seus encontros."

O Sr. Gonzalo Lamela contesta o rogo.

(Cando son as trece horas e cincuenta minutos reincorpórase á sesión a concelleira Sra. Lauda Fernández)

ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900000424 o día 26 de xaneiro de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:42:28 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"O asunto do transporte público está nestas datas de plena actualidade, polas eivas e folgas que sofre o sector.

Esta concelleira, nos anos 70 podía manter coa capital da Coruña as relacións normais de estudos, traballo ou lecer, e sorprende que, a día de hoxe, quen non conte con un medio de transporte propio deberá de buscar alternativas (non sempre doadas) para desenvolver a vida. Naquel tempo tamén había o tren como medio de transporte, precario, pero había. Hoxe nin iso.

Non hai que esquecer que o transporte por medios públicos é un dereito, que está sendo vulnerado polas compañías que favorecídas polas políticas do Partido Popular fan e desfán ao seu gosto. Mesmo se pode comprobar como a día de hoxe o sector das empresas erguéuse da mesa de negociación abandoando os representantes dos traballadores.

A zona do Temple e Graxal, podemos considerala xa practicamente cinguida á capital, pero a liña que vai dende Entrexardíns a Nós, ven tendo grandes deficencias como así o veñen manifestando os/as usurios/as.

Na recollída de sinaturas, solicitan algo tan sinxelo como é:

1. Manter os horarios que teñen sinalados pois son incumpridos con asiduidade.

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

2. Que reforcen cando haxa máis afluenza de pasaxeiros.
3. Que aumenten a frecuenza para dar bo servizo.

Como concello, deben estar acompañados/as nas súas demandas, porque son xustas, e porque seguimos perdendo dereitos a ollos vista como é o caso. De xeito que SOLICITAMOS:

Que se dea traslado aos organísmos competentes sobre estas peticións concretas e se faga un seguimento delas, reforzando con novas actuacións se fora preciso."

(Cando son as trece horas e cincuenta e un minutos reincorpórase á sesión a concelleira Sra. Louro López)

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Intervén a Sra. Pan Lesta e a Sra. Prieto Miramontes.

2º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:47:10 horas**

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

"A memoria histórica tan necesaria está coxa a día de hoxe en Cambre.

Traemos hoxe aquí dende o BNG e por segunda vez, a primeira como moción o 25-04-2019 gobernando UXC e hoxe cun goberno do PP, unha solicitude de honra a quen ocupou dúas destas cadeiras como concelleiros en 1936, e que logo foron asasinados por pertencer a gobernos democráticos.

Eles foron uns mozos chamados Luciano Costa García e José Pérez Ferreño.

A Luciano collérono cando saía de bautizar á súa filla no adro da igrexa de Cambre ía por tanto con ela no colo cando o levaron para matalo e tiralo nunha gabia.

A José Perez Ferreño fórono buscar a casa en Cela, diante da súa dona embarazada, e nunca volveu.

Todo isto que pasou hai moitos anos, non debe esquecerse, para que nunca poida voltar a repetirse.

Na moción presentada no seu día pedíase como acto de xustiza, que se lle dedicara unha rúa ou unha praza, algo tan sinxelo que traería un pouco de acougo ás súas familias, que non entenderon, como non entendemos nós que o Partido Popular na voz de Manuel María Pita da Veiga negóulle o voto dicindo que non había méritos neses concelleiros para dedicarlles unha rúa. O resto da Corporación votou a prol pero UXC non cumpriu coas súas obrigas como é evidente. Así a familia segue demandando xustiza.

Dende o BNG cremos que hai razóns abondosas, pois sabemos que cando andaban armando o golpe de estado que nos trouxo o franquismo fascista estes concelleiros seguiron ocupando os seus postos con dignidade, sabendo o que se estaba 'cocendo' no Estado español.

Sempre é tempo para facer o que hai que facer, e hoxe dende o BNG vimos SOLICITAR: Que por todo o anterior exposto, se lles poña nunha praza ou rúa o nome de: Luciano Costa García e José Perez Ferreño."

A Sra. alcaldesa contesta o rogo. Interveñen o Sr. González Leirós e a Sra. Prieto Miramontes.

3º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:52:40 horas**

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“A día de hoxe a páxina oficial do Concello de Cambre está falta da rigorosidade que merece a institución, pois non consta o inventario de bens, non aparecen por tanto tampouco os viais municipais, non aparecen as videoactas que por diferentes motivos substraen os dereitos da veciñanza en canto non poden acceder a elas nos últimos meses.

Tampouco funciona a app para dar conta do que acontece en canto a arranxos, etc. A pesar da falta de persoal, si que se suben fotografías repetidas ata o infinito e máis aló facendo tedioso cando unha quere visualizar algun acto.

Señoras e señores do goberno: sabemos que esta última práctica vénse repetindo con distintos gobernos, pero nós dende o BNG pedímoslle que se distingan e se centren no verdadeiramente importante como os asuntos que menciono na parte inicial deste rogo.

Fagan vostede unha páxina útil, que lle dea acceso á veciñanza a todo aquelo que facilite a súa vida, e polo que SOLICITAMOS:

Que na páxina oficial do Concello de Cambre aparezan:

1. Inventario de bens municipais
2. Plano dos viais do Concello de Cambre
3. Poñan de novo en funcionamento a app de incidencias en Cambre.”

O Sr. Vázquez Pérez contesta o rogo.

ROGOS DE AV PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202699900000425 o día 26 de xaneiro de 2026, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 02:55:22 horas**

Lee o rogo o Sr. Varela Fraguío

“Nas pasadas comisións, falouse do rebacheo de fochancas que está a facer a brigada, seguindo un inventario que consta en obras e o achegado por UxC (o cal temos todos). Rogamos se nos facilite o inventario/planing da brigada de obras. De cara a saber se hai algunha petición veciñal que teñamos e que non estea rexistrada.”

A Sra. alcaldesa contesta o rogo.

2º rogo (oral) - ***Acceso á videoacta*** **– 02:55:59 horas**

O Sr. Castro Uzal formula o seguinte rogo:

Di que isto vai en referencia a un rogo que fixeron no pleno do pasado mes de outubro; que volven a insistir no mesmo rogo porque comprobou que segue no mesmo estado; que falaba de que se lle dera solución á veciñanza da parroquia de Pravio, no lugar de Carballás, xa que debido posiblemente á maleza

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

dunha finca anexa, teñen os cables do tendido eléctrico desprendidos e con posibilidade de que rompan ou caian sobre a vía pública; e di que segue no mesmo estado tres meses despois.

4.4. PREGUNTAS

***Acceso á videoacta* – 02:56:53 horas**

PREGUNTAS DE UXC PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900000415 o día 26 de xaneiro de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:56:58 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

"Sra. alcaldesa, asinou vostede o 18 de agosto de 2025 catro resolucións de Alcaldía declarando a nulidade dos servizos de actividades deportivas, actividades socioculturais, servizo de mantemento de copiadoras municipais e servizo de telefonía fixa, liñas de ADSL, liñas RSDI, acceso a internet, incidencias e avarías?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

2ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:57:56 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

"Sra. alcaldesa, asinou vostede algunha resolución de Alcaldía de continuidade dos ditos servizos para que os poidan serguir prestando as empresas destos servizos?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

3ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 02:58:13 horas

Lee a pregunta a Sra. Pan Lesta.

"Pode confirmarnos a Sra. alcaldesa que non é certo que tanto ela como o Sr. Vázquez ameazaron ou acusaron nalgunha ocasión a algunha empresa, a algunha asociación, a algún funcionario ou funcionaria ou a algún veciño ou veciña tanto en reunións presenciais como en conversas telefónicas?"

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Pan Lesta e a Sra. alcaldesa.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900000427 o día 26 de xaneiro de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - *Acceso á videoacta* – 03:00:14 horas

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas.

«A moción aprobada por este pleno para solucionar o problema do transporte escolar do alumnado do IES Afonso X O Sabio que utiliza a parada número 33 da Castellana tiña como obxectivo garantir un servizo seguro e adecuado.

Tendo en conta que no pleno de decembro o goberno municipal afirmou que as negociacións "ían a bo ritmo" e que se esperaban "boas noticias á volta de Nadal", e transcorrendo xa Nadal, fin de ano e Reis sen que se informara de ningún avance, que noticias concretas ten hoxe este pleno sobre a devandita moción? Teñan en conta que o curso escolar avanza e non se pode esperar á Semana Santa nin ao verán para dar unha solución.»

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Lamas e o Sr. Vázquez Pérez.

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:02:25 horas**

Lee a pregunta o Sr. Alcantarilla Rei.

"Despois de ser informados pola prensa, unha vez máis, de que se van a liquidar en breve os pagos pendentes aos clubs de futbol e de baloncesto do ano 2022, queremos saber exactamente e non aproximadamente, cando se lles vai pagar?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta. Interveñen o Sr. Alcantarilla Rei e o Sr. Vázquez Pérez.

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:04:06 horas**

Lee a pregunta a Sr. Alcantarilla Rei.

"A que se debe o atraso no pago da produtividade aos empregados municipais e en que data concreta ten previsto o goberno municipal aboar a correspondente ao terceiro trimestre?"

O Sr. Vázquez Pérez contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900000424 o día 26 de xaneiro de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:04:52 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"Como nas derradeiras sesións de comisións informativas, así como de plenos ordinarios, este goberno leva incumprindo deliberadamente as súas obrigas legais de contestar a todos aqueles asuntos a que se lles dea traslado nos devanditos órganos. Dende o BNG, xa dixemos en comisións informativas, que non solicitamos, que non pedimos, que esiximos a resposta a que están obrigados a dar.

Pero vostedes, diante desta situación, din que si que aceptan, que contestarán, e así pasan meses onde directamente están baixo o palio da ilegalidade, e iso terá debida resposta por parte deste grupo municipal,

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

a non ser que dean pronta conta dos deberes pendentes respondendo un a un aos asuntos que se lles solicitan. Vostedes danse conta, de que están entrando nun bucle de falta de respecto á cidadanía?

Vostedes coñecen as obrigas que teñen como goberno sobre a transparencia e bo facer?

E non nos digan que andan escasos de tempo e recursos, porque en tempo de crise hai que roubar o tempo de onde non hai. Todo esforzo é necesario cara ao avance. Como non queremos a mesma resposta de sempre, apostamos cara á súa orixinalidade posta na súa boca.

Que fixeron ao respecto como novidade para dar cumprimento á lei e responder sobre os asuntos que ben foron feitos de xeito oral, ou non contestaron por non atoparse a/o concelleira/o no órgano competente? Isto inclúe as documentacións relativas a estas peticións elevadas a outras administracións."

A Sra. alcaldesa contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes, o Sr. Vázquez Pérez e o Sr. Alcantarilla Rei.

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:09:07 horas**

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

"Ao respecto das colonias felinas de Cambre, cuxa obriga de atención é do concello, e vendo que van con moitísimo atraso na fórmula de xestión, combinada coas voluntarias que atenden a estas colonias, mesmo en alimentación e castración, xa nas comisións informativas pedimos que de xeito transitorio se buscara unha solución, pois esta administración non pode substraerse das súas responsabilidades.

Cal é a fórmula de tránsito que atoparon vostedes?"

O Sr. Gonzalo Lamela contesta a pregunta.

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:11:50 horas**

Lee a pregunta a Sra. Louro López

"Seguimos sen clubs de lectura, seguimos con horarios imposibles nas bibliotecas, e seguimos sen actividades socioculturais. Para cando a volta destas actividades ás que teñen dereito os/as veciños/as de Cambre?"

A Sra. Espiñeira Galán contesta a pregunta.

PREGUNTAS DE AV PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202699900000425 o día 26 de xaneiro de 2026, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:12:45 horas**

Lee a pregunta o Sr. Varela Fraguío.

"Que avances hai na obra do parque Ramón Barba?"

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/

CONCELLO DE CAMBRE
R.E.L. 01150177

O Sr. Vázquez Pérez responde a pregunta

2ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:13:36 horas**

Lee a pregunta O Sr. Varela Fraguío

"Que previsión hai para retomar as actividades deportivas e como se prevé solucionar o problema?"

A Sra. alcaldesa responde a pregunta

3ª pregunta - ***Acceso á videoacta*** **– 03:14:09 horas**

Lee a pregunta o Sr. Castro Uzal.

"En que estado se atopa o contrato do PXOM."

O Sr. Vázquez Pérez responde a pregunta. Intervén o Sr. Castro Uzal.

ROGO DO PSDEG-PSOE PRESENTADO ORALMENTE

Rogo - ***Acceso á videoacta*** **– 03:17:18 horas**

A Sra. Prieto Lamas formula o seguinte rogo:

Di que é sobre a forma de contestar que lles adoitan a dar; que pediría un respecto ao seu traballo, que eles tamén traballan, eles tamén dedican o seu tempo para traer os seus rogos e preguntas; di que lles parece, polo menos dende este punto de vista, unha falta de respecto que non os lean ben para poder resolver, que non saiban que están preguntando porque non estiveron nin cinco minutos lendo o que eles, antes das doce da noite do luns, presentaron; di que pide un pouco de respecto porque ás súas preguntas respondéronlles o que lles deu a gana, cousas que non tiñan nada que ver; outras que nin sequera se responderon; di que por iso, igual que no goberno piden un respecto ao un traballo que están facendo sendo poucos, eles tamén lles piden un respecto ao que traen aquí, e que teñan consideración sobre o que presentan e non agardar a unha hora ou cinco minutos antes para preparar unha resposta.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e vinte e seis minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo

CVD: AlycCoqkfiCimgG5AeZe Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.cambre.es/